


CUMPRIMENTO

do programa do equipo de goberno



Xuño de 2024



Contido

Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación	2
Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade	4
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais	28
Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica	30
Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente.....	31
Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade	38
Vicerreitoría de Extensión Universitaria	41
Vicerreitoría de Internacionalización (desde o 12 de xullo de 2023).....	46
Vicerreitoría do Campus de Ourense	52
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra	53

Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación

CENTROS/INSTITUTOS

Aposta pola investigación de excelencia en todas as áreas do coñecemento como característica primordial, apoiando as liñas de investigación de calidade e promovendo as áreas que precisen mellorar os seus niveis de desempeño. Isto desenvólvese potenciando os **centros de investigación** xa existentes (atlanTTic, CIM e CINBIO) mediante o establecemento dun contrato programa e os novos (CINTECX), así como apoiando a creación de **novos centros ou institutos universitarios** como ECOBAS, CISPAC, CITMAGA ou os institutos de Física e Ciencias Aeroespaciais (IFCA), Agroecoloxía e Alimentación (IAA) e Xustiza e Xénero (IXEX). Estes últimos creáronse máis recentemente. Na actualidade está en proceso de creación o Instituto de Lingua, xa aprobado pola Comisión de Investigación.

PERSOAL

Continuidade coa política e coas **convocatorias de retención de talento** e coa incentivación á **consolidación investigadora** coas novas convocatorias dos ministerios de Universidades e de Ciencia e Innovación. Continuación co desenvolvemento da carreira investigadora co **compromiso de estabilización** das figuras **Ramón y Cajal, Beatriz Galindo**, persoal distinguido da UVigo ou da Xunta de Galicia.

En canto á **captación de talento internacional**, de persoal investigador de moi alto nivel para o desenvolvemento de liñas estratéxicas de investigación na Universidade de Vigo, cómpre citar o éxito en convocatorias nacionais como ATRAE. Colaboración con GAIN na actualización e na modulación das condicións do **Programa Oportunus**.

INTERNACIONALIZACIÓN

Potenciación da internacionalización da nosa investigación e creación de alianzas e de unións estratéxicas. Estableceuse unha convocatoria de proxectos colaborativos coa **Universidade do Minho** (UMinho) e continúaase impulsando a **European University ATHENA** en colaboración coa Vicerreitoría de Internacionalización, por medio do mantemento do **repositorio compartido** e fomentando a **colaboración** das distintas universidades integrantes en **proxectos de investigación**.

Actualización do novo plan de acción **do selo europeo HRS4R**, que abrangue unha maior transversalización e implicación dos distintos colectivos atendendo non só ás políticas de contratación de persoal OTM-R, senón a temas de igualdade, formación, sustentabilidade e a todo o conxunto de aspectos e de factores que contribúan á **mellorar a carreira investigadora**. Apostamos por novas orientacións cara ás novas tendencias en avaliación da investigación, acordes coa nosa inclusión en **CoARA**, integramonos no grupo de traballo para a reforma da valoración da carreira investigadora e deseñamos un plan de acción para desenvolver nos vindeiros anos.

Optimización dos procesos de rexistro e de certificación do **persoal investigador visitante**.

Rexistro da Universidade de Vigo como centro [Euraxess](#).

AXUDAS A GRUPOS

Mantemento das **axudas propias** de visitas de investigadores e investigadoras, a organización de congresos e de reunións de carácter internacional e as axudas á internacionalización e á preparación de proxectos de investigación internacionais, ademais das de mobilidade de persoal investigador.

Ademais da convocatoria coa UMinho, cómpre mencionar tamén a convocatoria para proxectos da Deputación de Pontevedra, ambas para potenciar o **liderado de investigadores e investigadoras xoves**.

Producción científica e de transferencia: incorporación dun **incremento do 10 %** na produción científica e de transferencia. Estase a piques de rematar a avaliación do ano 2022 e pronto se solicitará a do 2023 para ir ao día.

Como unha aposta por darlle **visibilidade á produción científica** da Universidade de Vigo, fíxose ao longo deste ano unha ampliación e unha mellora do **portal de investigación**, cos institutos e cos centros incluídos e tamén co persoal investigador e predoutoral, ademais dos proxectos e dos contratos.

Seguimento na **aposta clara pola ciencia aberta**, mantendo as publicacións en aberto, a través dos acordos transformativos coas principais editoriais, coa organización na nosa universidade das primeiras xornadas de ciencia aberta o ano pasado e incrementando o valor da **producción científica e das axudas de mobilidade** cando as publicacións están en acceso aberto. Continuaremos coa integración en EOSC e coa potenciación do noso repositorio Investigo e co desenvolvemento de políticas de acceso de publicacións e de datos en aberto. Así, o incremento de documentos en Investigo no último ano foi moi notable.

TRANSFERENCIA

Realización e mellora de **catálogos virtuais** das principais liñas e achegas que se poden facer desde os grupos e desde os centros de investigación para potenciar a relación coas empresas. Fixéronse novos catálogos para **ciencias sociais e humanidades**, así como para o **CACTI**, ademais dos xa existentes. Todo isto estase facendo máis visible cunha notable **modificación na páxina web** no apartado Investigar e coa organización da **xornada de portas abertas** do CACTI e dos centros de investigación.

Impulso ao **doutoramento industrial** e aos **contratos con empresas** como os do artigo 60 da LOSU. Promóvese a **modificación da normativa** que considera estes contratos con empresas para facilitar a participación de todo o persoal docente e investigador, así como favorecer a xestión económica destes cunha maior porcentaxe de traspaso ás AEI. Así mesmo, as modificacións das normativas das AEI e dos RLD contribúen tamén a unha mellor xestión neste senso.

Promoción de proxectos en colaboración coas empresas para convocatorias tales como **Fábrica intelixente e sostible** e **Misións RIS3**.

Fomento dos programas de proxectos de desenvolvemento tecnolóxico, constitución de *spin-offs* e **promoción e comercialización de resultados**. Concrétanse **nunha maior participación e nun aumento da visibilidade en feiras e en foros de transferencia** (Navalia, Galicia Biodays, Transfiere, Mindtech, entre outros) e nuns novos criterios para asumir os **custos de patentes** por parte da Universidade de Vigo, que proporcionen un pulo renovado á investigación colaborativa con institucións, empresas e outros ámbitos externos á UVigo.

Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade

OFICINA DE MEDIO AMBIENTE

A Oficina de Medio Ambiente (OMA) da Universidade de Vigo (UVigo) constitúe o órgano representativo e competente para executar a súa política ambiental baixo as directrices da Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade.

Entre as súas funcións están:

- Previr os impactos ambientais e intervir en actuacións para corraxilos.
- Conservar e restaurar o medio natural dos tres campus.
- Promover accións que aumenten a calidade do medio natural.
- Asesorar a comunidade universitaria en materia ambiental.
- Fomentar a educación e a sensibilización ambiental.

Os ámbitos de actuación principais foron:

Xestión ambiental: manexo de recursos, enerxías, materias primas e residuos

- Recollida de residuos químicos perigosos de laboratorio

Desde a OMA dirixiuse e supervisouse a recollida dos residuos perigosos de todos os centros dos tres campus a través de xestores autorizados. Durante o ano 2023 retiráronse as seguintes cantidades:

	Abril de 2023	Novembro de 2023
Total de residuos perigosos (22 677 kg)	11 455	11 222

- Recuperación e aproveitamento de **RAEE** (residuos electrónicos) no Gruvi (Grupo de Reciclaxe Informática).

Traballouse na recollida, almacenamento, transporte e xestión do material informático obsoleto e avariado de todos os centros da universidade. Para isto colaborouse co Gruvi na selección do material eléctrico e electrónico aproveitable. A cantidade total tratada a través do xestor autorizado deste tipo de residuos foron 3566 kg. Os residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) retirados (unidades) no ano 2023 foron:

	Reutilizados no Gruvi	Xestor autorizado
Ordenadores	527	466
Monitores	177	169
Impresoras + escáneres	22	20
Caixas con material variado	8	8
Outros equipos eléctricos	19	19
TOTAL	753	682

Tamén se realizou unha xestión especial dos residuos informáticos dos almacéns da OMA na Escola de Informática no edificio politécnico do campus de Ourense, colaborando co persoal dese campus.

- Xestionáronse os residuos de experimentación animal (**sandach**) nos laboratorios.
- Xestionouse a recollida de **luminarias** con *Ambilamp* (sistema estatal de xestión integrado de residuos procedentes de lámpadas fluorescentes e de baixo consumo).
- Recolléronse consumibles informáticos (**cartuchos e tóneres**) a través da empresa Ridel-Noroeste. Dispuxéronse en puntos estratéxicos dos tres campus (conserxarías e servizos) colectores para a recollida específica de cartuchos e de tóneres de impresoras e fotocopiadoras, así como para teléfonos móbiles e os seus compoñentes.
- Realizouse o control e o seguimento de **consumos**: auga, electricidade e combustibles. Recolléronse a través das lecturas dos contadores específicos ou subministrados polos servizos de recompilación de datos da universidade (subministradoras). Rexistráronse mensualmente, estudando, na medida do posible, medidas de aplicación de eficiencia enerxética e aforro.
- Fomentouse, en colaboración coa Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade e a Área de Xestión das Infraestruturas da UVigo, o uso das **enerxías renovables** (solar fotovoltaica, solar fototérmica, xeotérmica, biomasa, eólica etc.).
- Fíxose o seguimento e a cuantificación do impacto ambiental da universidade en función do estudo da **pegada de carbono** (0,70 ton CO₂ eq/persoa) e da **pegada ecolóxica** (0,20 gha/persoa). Este e outros indicadores (como o caso da enquisa **Green Metric** entre universidades no ámbito internacional) miden o efecto das emisións de gases invernadoiro e o impacto ambiental que relaciona os recursos existentes coa capacidade ecolóxica do planeta para xerar os devanditos recursos.

Conservación do medio natural: xestión de zonas verdes

- **Plantáronse** unhas 100 unidades de árbores e de arbustos en varias zonas dos campus como mellora da diversidade vexetal e paisaxística. Foron especies autóctonas, tanto as reproducidas coma as mercadas. Rexeneráronse con herbáceas autóctonas uns 5000 m² en pradarías e zonas afectadas por obras. Elaboráronse xardíns de plantas aromáticas no campus de Pontevedra.
- Continuouse co control e coa erradicación das especies **invasoras de flora e de fauna**.
- Xunto coa **Unidade de Xardinaría e Paisaxismo** da UVigo planificáronse os traballos de mantemento e de conservación das **zonas verdes** dos campus, así como das infraestruturas relacionadas (estacionamentos, sistema viario e peonil, drenaxes, estanques, roza, corta, poda, despedregado, limpeza, rega, aviveirado...). Creouse e mantívose un pequeno viveiro nun patio interior do edificio xurídico-empresarial no campus de Ourense.
- En función da climatoloxía, da evolución vexetativa das diferentes cubertas vexetais e do calendario universitario, planificáronse as tarefas de conservación co obxectivo de aumentar a calidade ecolóxica, tentando incrementar a **biodiversidade** e o potencial ornamental e **paisaxístico** das zonas verdes.
- Procedeuse á **limpeza** xeral das zonas duras e despois dos eventos programados nos diferentes campus.
- Fíxose o control e o seguimento dos posibles puntos de **verteduras** incontrolados de residuos e de entullos nos campus.

- Recolléronse e **tritúronse** os **residuos verdes** e procedeuse á súa **compostaxe**. En 2023 producíronse aproximadamente uns 50 m³ de compost maduro.
- Mantivéronse as marxes e as franxas para a **prevención de incendios forestais**, atendendo á lexislación vixente respecto das especies pirófitas situadas nas inmediacións dos edificios, infraestruturas e zonas viarias dos campus.
- Revisáronse e cortáronse as especies avellentadas, afectadas por **enfermidades** ou por **pragas** e que supoñían un **risco** para persoas e vehículos.
- Elaboráronse varios **inventarios** faunísticos e florísticos xeorreferenciados nos campus.
- Fíxose o estudo dos **recursos hídricos** subterráneos e superficiais dos campus, co fin do seu aproveitamento sostible para a **rega**, a extinción de **incendios** e a creación e o mantemento de **hábitats** naturais.
- Restauráronse varias zonas en espazos degradados dos campus.
- Revisáronse e actualizáronse as cláusulas dos **pregos** de prescricións técnicas para o concurso 302/23 correspondente ao «Mantemento e conservación das zonas verdes da UVigo».
- Colaborouse coa Unidade de Cultura Científica na organización do evento de sensibilización e educación ambiental **BioBlitz**.
- Realizáronse unha serie de traballos ambientais **extraordinarios**: dragado e descolmatado de lagoas e estanques, levantamentos topográficos, instalacións de tomas de auga, cerramentos, balizamentos e peches de zonas de protección ambiental, poda especializada en altura, erradicación de pragas (procesionaria) etc.

Sensibilización e formación

- Continuouse co programa de educación, concienciación e sensibilización ambiental: visitas con escolares, institutos, universidade (Facultade de Bioloxía, estudantes Erasmus...) e Centro de Linguas, por **itinerarios** naturais dos campus (*Universidade é natureza* e *Ruta das árbores*) para o coñecemento da fauna, da flora e da paisaxe dos campus.
- Dirixíronse **seis bolsas** de formación na OMA para o estudantado universitario nos tres campus.
- Realizáronse dous **convenios** de colaboración para proxectos de fin de grao e de mestrado.
- Programáronse campañas de **voluntariado** ambiental para traballos de conservación da natureza, así como campañas para conservar o **patrimonio** ambiental e arqueolóxico.
- Desenvolvéronse campañas de **aforro e de eficiencia enerxética** e do fomento do **transporte colectivo** na universidade.
- Realizáronse varios **cursos e seminarios** de formación sobre a produción, recollida e xestión dos **residuos**.
- Promocionouse o uso de **colectores** internos para a **recollida selectiva de residuos**.
- Incluíronse directrices nos pregos de contratación para a «**compra verde**» e sostible.
- Mantéñense ao día e difúndense os contidos ambientais na **web** e nas **redes sociais** da OMA.

ÁREA DE INFRAESTRUTURAS

A actividade do departamento de obras pode agruparse en tres grandes ámbitos:

- Novos investimentos
- Reparacións, mellora de instalacións e obras menores
- Melloras no funcionamento do departamento

Os datos detallados das actuacións levadas a cabo durante o ano 2023 en cada un dos apartados anteriores recóllense no apartado correspondente desta memoria.

1. Novos investimentos

Xeral

No programa do IDAE «Primeira convocatoria de axudas ao investimento en instalacións de xeración de enerxía eléctrica con fontes de enerxía renovable na comunidade autónoma de Galicia cofinanciadas con Fondos da Unión Europea» obtivéronse axudas para tres instalacións fotovoltaicas de autoconsumo nos edificios de Química e Olimpia Valencia en Vigo, e no Edificio de Ferro de Ourense. Neste ano licitáronse e rematáronse as obras.

No programa do Inega de «Subvencións para o autoconsumo e o almacenamento nas administracións públicas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo IN422K» solicitáronse axudas para instalar nove instalacións fotovoltaicas e un aeroxerador:

CÓDIGO	INSTALACIÓN	POTENCIA
IN422K-1419	INSTALACIÓN DUN AEROXERADOR DE 100 KW DE POTENCIA PARA AUTOCONSUMO NO CAMPUS DA UNIVERSIDADE DE VIGO	100
IN422K-1455	SOLAR FV EN CUBERTA XURÍDICO-EMPRESARIAL	100
IN422K-1515	SOLAR FV EN CUBERTA CAMPUS AUGA	60
IN422K-1619	SOLAR FV EN CUBERTA FISIOTERAPIA	25
IN422K-1425	SOLAR FV EN CUBERTA FILOLOXÍA	100
IN422K-1429	SOLAR FV EN CUBERTA TELECO-MINAS	100
IN422K-1590	SOLAR FV EN CUBERTA BIBLIOTECA	50
IN422K-7162	INSTALACION FOTOVOLTAICA DE AUTOCONSUMO DE 30 KWS CON ALMACENAMIENTO DE 57,6 KW/H NO EDIFICIO DO CINTECX	30
IN422K-7161	INSTALACION FV 100 KWS NA FACULTADE DE CIENCIAS EXPERIMENTAIS	100

IN422K- 10483	INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA DE AUTOCONSUMO DE 160 KWS 160 NO EDIFICIO OLIMPIA VALENCIA
------------------	--

O Inega concedeu todas a axudas solicitadas e licitáronse as obras destas, que se atopan na última fase de adxudicación.

Con estas instalacións a Universidade de Vigo alcanzará case os 2 MW de potencia instalada en instalacións fotovoltaicas que, xunto ás restantes obras e instalacións encamiñadas a melloras da eficiencia, supoñen unha redución anual estimada de gases de efecto invernadoiro de 2540 tCO₂/a.

Campus de Vigo

- Licitáronse e executáronse as obras do expediente 400/23 da pasarela de acceso para atlantTic na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación que mellora a accesibilidade ao centro e a identificación visual do centro de investigación.
- Licitouse o concurso de proxectos para a rehabilitación do edificio Siemens na ETEA para o Centro de Investigacións Mariñas da Universidade de Vigo (o adxudicatario son os estudos de arquitectura MRM e Pereda Pérez).
- Contratouse a subministración de mobiliario de laboratorio e vitrinas de gases para o laboratorio no módulo 3 do CINBIO.
- No pavillón Isaac Newton acondicionáronse os laboratorios de Enxeñaría Química coa adecuación das redes de instalacións de electricidade, auga e subministración de gases, así como a subministración de novo mobiliario de laboratorio.
- Realizouse o acondicionamento dun espazo do edificio Altia para o novo uso de laboratorios de atlantTic do grupo Quantum Communication Center e subministrouse mobiliario de laboratorio e de oficina para os citados espazos.
- No edificio de deportes transformouse a caldeira para pasar de gasóleo a gas e aumentar a eficiencia enerxética e reducir o custo económico.
- Realizouse a dotación de novos pasamáns nas escaleiras exteriores do edificio Miralles para mellorar a súa seguridade.
- Instalación dunha nova bomba de calor de alta eficiencia para locais do SAUM na biblioteca central.
- Reparáronse as cubertas dos bloques A e B de Ciencias Xurídicas e do Traballo para solucionar problemas de filtracións de auga.
- Rematáronse as obras da substitución do pavimento do acceso a Peritos.
- Realizouse unha nova instalación de climatización aerotérmica no módulo 1 do edificio Miralles e realizáronse traballos de impermeabilización deste.
- Executouse unha reforma integral dos baños de mulleres na Facultade de Filoloxía e Tradución.
- No edificio de deportes realizáronse varias actuacións encamiñadas a solucionar filtracións de auga.
- En varios edificios do campus, realizáronse obras para mellorar as condicións de seguridade e de adaptación á nova normativa de protección contra incendios.

Campus de Pontevedra

- Rematáronse as obras de ampliación da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte para o uso da sala de neuromusculación. Este novo espazo permitirá realizar estudos do movemento do corpo para determinar posibles trastornos mediante a manipulación dos músculos, o seu movemento e a súa resposta, e así determinar a zona afectada e a orixe do problema.
- Na Facultade de Fisioterapia substituíuse unha parte da cuberta para solucionar problemas de filtracións de auga.

- Contratouse a subministración do mobiliario do sexto andar do edificio de Benito Corbal para atender as necesidades da titulación de Deseño.
- En Ciencias da Educación e do Deporte realizouse a subministración e a instalación dun novo grupo contra incendios.
- En varios dos edificios do campus realizáronse obras para mellorar as condicións de seguridade e de adaptación á nova normativa de protección contra incendios.

Campus de Ourense

- Licitouse o concurso de proxectos para o edificio da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo no campus de Ourense (adxudicatario: os estudos de arquitectura García Rodríguez Alcoba Oficina de Arquitectura).
- Reparouse a beirarrúa do Edificio Politécnico para solucionar problemas de filtracións do edificio.
- No CITI substituíronse as cubertas dos módulos 1 e 2 para solucionar problemas de filtracións de auga.
- No edificio xurídico-empresarial substituíronse as luminarias de varias aulas e seminarios por outras con tecnoloxía led que melloran a eficiencia enerxética e reducen o consumo. Neste edificio substituíuse a cuberta de policarbonato na sala de lecturas para solucionar problemas de filtracións de auga.
- En varios edificios do campus realizáronse obras para mellorar as condicións de seguridade e de adaptación á nova normativa de protección contra incendios.

2. Reparacións, mellora de instalacións e obras menores

- En todos os edificios dos tres campus realizáronse todas as tarefas para conseguir un adecuado mantemento, solucionando as incidencias notificadas polos administradores e decanatos e direccións dos centros.
- Fíxose un esforzo importante en solucionar problemas de entrada de auga en varios centros a través de numerosos cambios e reparacións de cubertas.
- Continúase coa realización de obras de mellora na eficiencia enerxética de diferentes espazos, con medidas de aforro nos consumos eléctricos e de subministración de auga, melloras de illamento térmico, substitución de equipos por outros máis eficientes etc. Especialmente realizáronse adaptacións de salas de caldeiras á subministración de gas.
- Supervisáronse todos os contratos dos diferentes mantementos de instalacións, buscando sempre unha mellor eficiencia e un aforro económico. Establecéronse unhas prescricións técnicas comúns para todos eles e agrupáronse en contratos únicos os correspondentes a grupos electrógenos, cloración, transformadores e protección contra incendios. Coa nova lei de contratos avanzárase na contratación conxunta mediante a licitación dos mantementos.

3. Melloras no funcionamento do departamento

O departamento ten tres obxectivos primordiais:

- Aforro: promover medidas que permitan reducir os gastos correntes e obter mellores prezos nas contratacións.
- Eficacia: optimizar os recursos dos que dispoña a universidade.

- Comunicación: mellorar a información a decanatos, direccións e administradores/as das tarefas que se realicen nos seus centros.

Todos estes aspectos revísanse periodicamente e realízase un proceso de mellora continuo nos procedementos.

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

I. Introducción

Este documento ten como obxectivo achegar información sobre as accións preventivas realizadas do 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.

Elabórase a partir da análise e da recompilación de todas as actividades que en materia preventiva realizou e coordinou o Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) da Universidade de Vigo.

Moitas das actividades presentadas precisaron para realizalas da coordinación do servizo de prevención propio (SPP), o servizo de prevención alleo (SPA) Cualtis, SLU e a mutua colaboradora coa Seguridade Social FREMAP.

Non se detalla a atención de consultas formuladas ao SPP polos traballadores/as demandando asesoramento sobre os riscos e sobre o control efectivo destes.

A Universidade de Vigo atópase actualmente en proceso de aliñamento das súas políticas coa Axenda 2030, orientando a súa estratexia de responsabilidade social cara a conseguir os denominados 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). As diversas actuacións no eido da prevención de riscos laborais que se presentan nesta memoria axudan á nosa universidade a cumprir o **ODS 8 sobre Traballo decente e crecemento económico**, en particular a **meta 8.8**, que busca «protexer os dereitos laborais e promover un contorno de traballo seguro e sen riscos para todos os traballadores/as».

ACTIVIDADES DO SERVIZO DE PREVENCIÓN

1. AVALIACIÓNS DE RISCOS

A través das avaliacións iniciais de riscos identifícanse, con carácter xeral, os riscos laborais presentes nos postos de traballo para poder eliminalos ou, no caso de non ser isto posible, valorar e adoptar medidas de prevención e protección necesarias. Inclúense neste apartado estudos hixiénicos, ergonómicos e de seguridade. A realización das avaliacións de riscos require traballo de campo e de oficina que é realizado polos servizos de prevención alleo e propio da universidade.

A continuación detállanse as avaliacións realizadas durante o período que abrangue este informe.

AVALIACIÓNS INICIAIS DE RISCOS
VIGO
EDIFICIO FILOMENA DATO
CINTECX (MTI)
REDEIRAS (Berbés)
AVALIACIÓN DE RISCOS DO GRUPO ECOMAT

AVALIACIÓN DE RISCOS PARA TRABALLOS NA PISCIFACTORIA STOLL
AVALIACIÓN DE RISCOS NA CAMPAÑA UMT-CSIC (Ciencias do Mar)
AVALIACIÓN DE RISCOS NO USO DE PATÓXENOS (Facultade de Química)
AVALIACIÓN DE RISCOS NA CAMPAÑA DA ANTÁRTIDA (buque Gabriel Castilla)
PONTEVEDRA
EDIFICIO BENITO CORBAL

REVISIÓNS DAS AVALIACIÓNS DE RISCOS
VIGO
EE INDUSTRIAL (campus)
FACULTADE DE CIENCIAS EXPERIMENTAIS (en elaboración)

2. INSPECCIÓN, COMPROBACIÓN, CONSULTAS E INFORMES

Neste período emitíronse diversos informes sobre as condicións de traballo froito de inspeccións e de comprobacións das condicións de seguridade e de saúde realizadas polo SPRL, contestacións a diversas consultas e outros informes. Neste apartado non se inclúen os informes de accidente.

En total realizáronse 76 informes:

CAMPUS	INSPECCIÓN, COMPROBACIÓN, CONSULTAS E INFORMES DE 2023
Ourense	3
Pontevedra	4
Vigo	67
Outros	2
Total	76

3. INVESTIGACIÓN DE ACCIDENTES

Segundo a baixa	2023
Sen baixa	17
Con baixa	13
Total	30

Campus	2023
Ourense	5
Pontevedra	2
Vigo	23

Total	30
-------	----

Segundo o lugar	2023
In itinere	5
Lugar de traballo	25
En misión	0
Total	30

Colectivo	2023
PTXAS	16
Investigación	4
PDI	10
Total	30

Xénero	2023
Mulleres	17
Homes	13
Incidente	
Total	30

Segundo o risco	2023
010 Caída de persoas a distinto nivel	11
020 Caída de persoas ao mesmo nivel	4
040 Caída de obxectos en manipulación	1
070 Choques contra obxectos inmóviles	3
090 Golpes/cortes por obxectos ou ferramentas	2
100 Proxección de fragmentos ou partículas	1
130 Sobreesforzos	2
180 Contactos con substancias cáusticas ou corrosivas	1
230 Atropelos ou golpes con vehículos	5
Total	30

4. FORMACIÓN

En cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e en concreto do seu artigo 19 «Formación dos traballadores/as», o SPRL durante o ano 2023 realizou os cursos en materia de prevención de riscos que a continuación se detallan:

VIGO				
PROGRAMA FORMATIVO SPA				
DIRIXIDO A	CURSOS	NÚM. DE EDICIÓN S	HORAS	ASISTENTES
Membros dos equipos de primeiros auxilios, PDI e PTXAS	Primeiros auxilios	2	4	19
PDI e PTXAS	Primeiros auxilios con manexo de desfibrilador semiautomático externo (formación práctica)	13	5	91
PDI e PTXAS	Campaña de prevención de lesións musculoesqueléticas	2	2	15
PROGRAMA FORMATIVO SEGANOSA				
PDI e PTXAS	Alarma e evacuación	1	4	13
PDI e PTXAS	Loita contra incendios	1	4	15
PROGRAMA FORMATIVO MUTUA COLABORADORA COA SEGURIDADE SOCIAL FREMAP				
PTXAS	Ferramentas para a resolución de conflitos	1	2,5	10

OURENSE				
PROGRAMA FORMATIVO SPA				
DIRIXIDO A	CURSOS	NÚM. DE EDICIÓN S	HORAS	ASISTENTES
PDI e PTXAS	Primeiros auxilios con manexo de desfibrilador semiautomático externo (formación práctica)	3	5	14
PDI e PTXAS	Campaña de prevención de lesións musculoesqueléticas	1	2	5
PONTEVEDRA				
PROGRAMA FORMATIVO SPA				
DIRIXIDO A	CURSOS	NÚM. DE EDICIÓN S	HORAS	ASISTENTES
PDI e PTXAS	Primeiros auxilios con manexo de desfibrilador semiautomático externo (formación práctica)	2	5	9
A DISTANCIA				
PROGRAMA FORMATIVO SPA				
DIRIXIDO A	CURSOS	NÚM. DE EDICIÓN S	HORAS	ASISTENTES
PDI	Básico de prevención de riscos laborais	Permanente	50	1
PDI	Curso de riscos xerais no sector docente	1	6	1
PDI/PTXAS	Curso PRL en traballos a bordo de buques	1	6	4
VIDEOCONFERENCIA				
PROGRAMA FORMATIVO SPA				
DIRIXIDO A	CURSOS	NÚM. DE EDICIÓN S	HORAS	ASISTENTES

PTXAS	Riscos de factores psicosociais	1	6	114
-------	---------------------------------	---	---	-----

5. INFORMACIÓN

INFORMACIÓN
ACTUALIZACIÓN DE TRÍPTICOS DE EMERXENCIAS
EDIFICIO POLITÉCNICO
DEPORTES OURENSE
FACULDADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE
FACULDADE DE FISIOTERAPIA
FACULTADES DE CIENCIAS DO MAR E BIOLOXÍA
FACULDADE DE QUÍMICA
EDIFICIO DE CIENCIAS EXPERIMENTAIS
FACULDADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN
FACULDADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS
ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL (CAMPUS)
ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN
DEPORTES VIGO
ECIMAT
ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL (CIDADE)
EDIFICIO REDEIRAS
ACTUALIZACIÓN DE FICHAS DE PREVENCIÓN
FPRL_01 LIMPEZA DO CACTI
FPRL_02 MANIPULACIÓN MANUAL DE CARGAS
FPRL_03 FERRRAMENTAS MANUAIS
FPRL_04 LÁMPADA ULTRAVIOLETA
FPRL_05 CÁMARA FRÍA
FPRL_06 TRANSPORTE DE TRABALLOS FORESTAIS
FPRL_07 TALLADURA DE CORTES FORESTAIS
FPRL_08 PODA DE TRABALLOS FORESTAIS
FPRL_09 APLICACIÓN DE PRAGUICIDAS
FPRL_10 PVD
FPRL_11 SOLDADURA DE ESTANO
FPRL_12 SOLDADURA DE ARCO
FPRL_13 RISCOS BIOLÓXICOS
FPRL_14 TRANSPORTE DE NITRÓXENO LÍQUIDO
FPRL_15 PRODUTOS QUÍMICOS
FPRL_16 ESCADAS

FPRL_17 BROMURO ETIDIO
FPRL_18 COMPRESORES
FPRL_19 CICLOHEXANO
FPRL_20 TRABALLOS DE ATMÓSFERAS EXPLOSIVAS
FPRL_21 BOTELLAS E BOTELLÓN DE GASES
FPRL_22 TRABALLOS DE LÁSER
FPRL_23 TRABALLOS EN ESPAZOS CONFINADOS
FPRL_24 EMBARAZO EN OFICINA
FPRL_25 TRADE DE COLUMNA
FPRL_26 CADEIRA PARA PVD
FPRL_27 FLUORHÍDRICO
FPRL_28 DIOXANO
FPRL_29 EMBARAZO DO PDI AULA
FPRL_30 SERRA CALADORA
FPRL_31 SISTEMA ANTICAÍDAS
FPRL_32 PAQUETARÍA
ACTUALIZACIÓN DE FOLLETOS XENÉRICOS
DÍPTICO DO AFRONTAMENTO DO CONFLITO
TRÍPTICO DO MANEXO BIE
TRÍPTICO DO MANEXO DE EXTINTORES
TRÍPTICO DE RECOMENDACIÓNS NOS LABORATORIOS
TRÍPTICO DE TRABALLOS EN ALTURA
TRÍPTICO DA UTILIZACIÓN DOS EPI

6. COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

Nos centros da Universidade de Vigo desenvólven a súa actividade profesional traballadores e traballadoras pertencentes a empresas alleas; atendendo ao mandato da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, e ao Real decreto 171/2004, é necesario coordinar as actividades de xeito que non xeren riscos para a seguridade e saúde nos centros ou lugares de traballo nos que exista concorrencia de actividades empresariais.

O Servizo de Prevención realiza a coordinación de acordo co procedemento que o propio servizo elaborou e que foi aprobado polo Consello de Goberno no ano 2011, dentro do Plan de prevención da Universidade de Vigo (PPRL 08 Coordinación de actividades empresariais).

Realizáronse as accións de coordinación que se indican deseguido:

ACTUACIÓNS CON EMPRESAS NOVAS	
	2023
MANTEMENTO	29
OBRA	27
PROXECTO DE INVESTIGACIÓN	1
SERVIZO	14
SUBMINISTRACIÓN	8
ESTADÍA DE INVESTIGACIÓN	67
Total	146

ACTUACIÓNS CON EMPRESAS XA REXISTRADAS	
Total	191

7. PLANS DE AUTOPROTECCIÓN

A normativa en materia de prevención de riscos laborais, concretamente o artigo 20 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establece que:

A empresa, tendo en conta o tamaño e a actividade da empresa, así como a posible presenza de persoas alleas a esta, deberá analizar as posibles situacións de emerxencia e adoptar as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación dos traballadores/as.

Para a aplicación das medias adoptadas, a empresa deberá organizar as relacións que sexan necesarias cos servizos externos á empresa, en particular en materia de primeiros auxilios, asistencia médica urxente, salvamento e loita contra incendios, de xeito que quede garantida a rapidez e a eficacia destas.

PLANS DE EMERXENCIA/PLANS DE AUTOPROTECCIÓN
VIGO
UNIDADE DE TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN
EDIFICIO FILOMENA DATO
PONTEVEDRA
EDIFICIO BENITO CORBAL
REVISIÓNS DOS PLANS DE AUTOPROTECCIÓN
OURENSE
EDIFICIO DE FERRO
VIGO
ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL (CAMPUS)
INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE PLANS DE AUTOPROTECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (adaptación ao novo rexistro)
BIBLIOTECA CENTRAL DE OURENSE
BIBLIOTECA CENTRAL DE VIGO
FACULTADE DE COMUNICACIÓN
PAVILLÓN DEPORTES DE OURENSE
PAVILLÓN DE DEPORTES DE PONTEVEDRA
PAVILLÓN DE DEPORTES DE VIGO
EDIFICIO XURÍDICO-EMPRESARIAL
FACULTADE DE BELAS ARTES
CASA DAS CAMPÁS

8. VIXILANCIA DA SAÚDE

A Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, e o RD 39/1997, de regulamento dos servizos de prevención, obrigan a que a empresa lle garanta a todo o seu persoal a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao seu posto de traballo.

O RD 39/1997, no seu artigo 37.3, indica que en materia de vixilancia da saúde, a actividade sanitaria deberá abranguer:

1.º. Unha avaliación da saúde dos traballadores e traballadoras inicial despois da súa incorporación ao traballo ou despois da asignación de tarefas específicas con novos riscos para a saúde.

2.º. Unha avaliación da saúde dos traballadores e traballadoras que volvan ao traballo tras unha ausencia prolongada por motivos de saúde, coa finalidade de descubrir as súas eventuais orixes profesionais e recomendar unha acción apropiada para protexelos.

3.º. Unha vixilancia da saúde a intervalos periódicos.

Asemade, este mesmo artigo do RD 39/1997 determina o contido dos devanditos recoñecementos médicos e os informes derivados.

A Universidade de Vigo ten concertada a actividade de vixilancia da saúde coa entidade Cualtis, SLU.

O servizo médico, unha vez realizado o exame de saúde, comunícalle ao persoal traballador o resultado por escrito respectando a confidencialidade e informa a universidade, exclusivamente, en termos de aptitude para o posto de traballo específico e recomendacións para mellorar as condicións de traballo, dende o punto de vista sanitario. O servizo médico, baseándose na avaliación da saúde do persoal traballador, emitirá un criterio de aptitude coincidente cun dos seguintes:

- APTO.
- APTO CON RESTRICIÓNS LABORAIS: o persoal traballador pode desenvolver as tarefas fundamentais do seu posto, pero algunha non fundamental non poderá desenvolvela ou só poderá desenvolvela de xeito parcial.
- APTO CON OBSERVACIÓNS: o persoal traballador pode desenvolver o seu traballo pero os datos obtidos no recoñecemento son insuficientes e o servizo médico está á espera de máis información.
- NON APTO:
 - o TEMPORAL: o persoal traballador non pode no momento actual desenvolver as tarefas fundamentais do seu posto de traballo. É unha situación temporal e limitada no tempo.
 - o DEFINITIVO: o persoal traballador non pode desenvolver as tarefas fundamentais do seu posto de traballo e non hai posibilidade de recuperación.
- NON CUALIFICADO/A: o persoal traballador non realizou o recoñecemento médico completo ou non entregou a documentación que lle solicitou o servizo médico.

Dende o servizo de prevención propio coordínanse as actividades de vixilancia da saúde co servizo de prevención alleo Cualtis.

O servizo de prevención propio recibe o certificado de aptitude correspondente á realización dos recoñecementos médicos periódicos dos tres campus.

Actividades realizadas polo SPRL propio en relación coa vixilancia da saúde:

- Organización dos recoñecementos médicos periódicos e xestión da documentación correspondente.
- Envío de enquisas de vixilancia da saúde unha vez que rematan os recoñecementos médicos periódicos. Recepción destas e obtención de datos.
- Recepción das notificacións das novas incorporacións e traslado ao servizo médico, tras a aceptación do persoal traballador.

NOVAS INCORPORACIÓNS			
Campus	Notificado	Autoriza	Non autoriza
OURENSE	37	16	21
VIGO	120	73	47
PONTEVEDRA	17	7	10
TOTAL	174	96	78

- Recepción das notificacións de situación de embarazo e traslado ao servizo médico. Revisión da avaliación do posto de traballo e, se é o caso, envío á Xerencia dun informe coa proposta das medidas preventivas que se deben adoptar (adaptación, cambio de posto de traballo...).

Recibíronse dúas comunicacións de embarazo pero non se iniciou/ finalizou o procedemento:

- Nun caso, o embarazo, por determinadas circunstancias, non seguiu o seu proceso.
- Noutro, a notificación recibíuse cando a traballadora xa rematara o seu contrato e estaba pendente dunha renovación.

- Non se recibiron notificacións de situación de lactación natural.
- Recepción das notificacións de baixas superiores a 60 días enviadas polo servizo de persoal e traslado ao servizo médico, tras a aceptación do persoal traballador.

BAIXAS SUPERIORES A 60 DÍAS					
Campus	Número de baixas	AUTORIZAN O RECOÑECEMENTO			
		SI	NON	NON RESPONDE	OUTROS (nova baixa)
OURENSE	13	7	5	1	
PONTEVEDRA	9	4	3	2	
VIGO	69	26	32	9	2
TOTAL	91	37	40	12	2

☐ Reconocimientos médicos

RECOÑECIMIENTOS EN OURENSE	
CAMPUS DE OURENSE	
TIPO DE RECOÑECIMIENTO	RECOÑECIMIENTOS REALIZADOS
Reconocimiento médico periódico	163
Reconocimiento médico inicial	18
Reconocimiento médico por baixa superior a 60 días	7
Reconocimiento médico por revisión de aptitude	4
TOTAL	192

RECOÑECIMIENTOS EN PONTEVEDRA	
CAMPUS DE PONTEVEDRA	
TIPO DE RECOÑECIMIENTO	RECOÑECIMIENTOS REALIZADOS
Reconocimiento médico periódico	91
Reconocimiento médico inicial	8
Reconocimiento médico por baixa superior a 60 días	1
Reconocimiento médico por solicitud de adaptación	1
Reconocimiento médico por revisión de aptitude	1
TOTAL	102

RECOÑECEMENTOS EN VIGO	
CAMPUS DE VIGO (AS LAGOAS, MARCOSENDE)	
TIPO DE RECOÑECEMENTO	RECOÑECEMENTOS REALIZADOS
Recoñecemento médico periódico	659
Recoñecemento médico inicial	62
Recoñecementos médicos incompletos	12
Recoñecemento médico por baixa superior a 60 días	16
Recoñecemento médico por solicitude de adaptación	4
Recoñecemento médico por revisión de aptitude	13
Recoñecemento médico por campaña na Antártida	3
Recoñecemento médico por instalacións radioactivas	3
Recoñecemento médico por mergullo	1
TOTAL	773

RECOÑECEMENTOS EN VIGO	
CAMPUS DE VIGO (CIDADE)	
TIPO DE RECOÑECEMENTO	RECOÑECEMENTOS REALIZADOS
Recoñecemento médico periódico	63
Recoñecemento médico inicial	7
Recoñecementos médicos incompletos	2
Recoñecemento médico por baixa superior a 60 días	4
Recoñecemento médico por revisión de aptitude	3
TOTAL	79

RECOÑECEMENTOS NOUTRAS SEDES

Sede	Recoñecemento médico periódico	Recoñecemento médico inicial	Outros (revisión aptitude, retorno)
A CORUÑA	1		
FERROL		1	
LUGO			2
SANTIAGO	2		1
TOTAL	3	1	3

- ❑ Recepción das cartas de aptitude. No caso de que o persoal traballador sexa «NON APTO», «APTO CON RESTRICIÓN LABORAIS» ou «APTO CON OBSERVACIÓN», envíase á Xerencia un informe coa proposta de adaptación, recomendación ou necesidade de cambio de posto de traballo. Do mesmo xeito, comunicárase a finalización desa situación.

INFORMES DE APTITUDE EN 2023	
OURENSE	4
VIGO	19
PONTEVEDRA	1
SANTIAGO	1
TOTAL	25

8.1. Campaña de vacinación antigripal

No eido da saúde pública e en consonancia coa vixilancia da saúde, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais colabora na campaña de vacinación antigripal organizada anualmente polo Sergas. Antes do inicio oficial da campaña, publícase o aviso no que se informa o persoal traballador sobre o prazo para achegar a súa solicitude como persoa interesada na administración da vacina. A listaxe deste persoal é remitido ao servizo médico da vixilancia da saúde que é quen se encarga da petición, recepción, distribución e administración da vacina.

VACINA DA GRIPE 2023		
Sede	Solicitudes	Vacinas administradas
OURENSE	50	48
PONTEVEDRA	15	13
VIGO CAMPUS	158	135
VIGO CIDADE	8	8
TOTAL	231	204

9. XESTIÓN DE CAIXAS DE URXENCIAS

Segundo o Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nos lugares de traballo, estes lugares disporán do material para a prestación de primeiros auxilios ao persoal traballador que sufra un accidente de traballo.

Tanto as caixas de urxencias coma a dotación de material de urxencias son subministrados á universidade pola mutua colaboradora coa Seguridade Social FREMAP.

O Servizo de Prevención da universidade recibe o material da mutua e encárgase de envialo aos servizos ou ás dependencias que o solicitan segundo o formulario que está recollido no documento rexistro de prevención de riscos laborais «DRPRL-09-03 Solicitud de caixas de primeiros auxilios».

Durante o período en curso xestionáronse as seguintes peticións de caixas de urxencias e reposicións de contidos:

CAIXAS DE URXENCIAS E REPOSICIÓNS 2023	
CAIXAS DE URXENCIAS ENTREGADAS	3
REPOSICIÓN DOS CONTIDOS DAS CAIXAS DE URXENCIAS	28

10. XESTIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

XESTIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL EPI 2023	
CENTRO/SERVIZO	SOLICITUDES TRAMITADAS
Facultade de Comunicación	1
Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	1
Casa das Campás	1
CACTI-CINBIO	6
Edificio de Ciencias Experimentais	7
EE Industrial (campus)	4
EE Industrial (cidade)	2
Edificio Ernestina Otero	3
Edificio Exeria	6
Edificio Filomena Dato	4
Facultade de Filoloxía e Tradución	1
Unidade de Transporte e Distribución	3
Unidade de Xardinaría e Zonas Verdes	1
TOTAL	40

11. OUTRAS ACTIVIDADES

- Titoría de prácticas de alumnado do Mestrado en prevención de riscos laborais.
- Titoría de dous bolseiros de formación en unidades e áreas da Universidade de Vigo.
- Charla informativa para os bolseiros/as de formación en unidades e áreas.
- Impartición do Curso de capacitación laboral no ámbito do emprego con apoio (Vicerreitoría do Campus de Ourense).

Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

O deseño dun [plan director de comunicación anual](#) desde 2021 supuxo a consolidación e a planificación de novos obxectivos da política institucional de información e de comunicación da UVigo.

A través desta ferramenta aplícase unha metodoloxía de traballo máis operativa para coordinar a comunicación universitaria a través dunha estratexia maioritariamente dixital aliñada co [Plan de comunicación](#) e integrando todos os recursos e canles existentes no conxunto da universidade para potenciar a comunicación.

O Plan director reflicte o compromiso do equipo de goberno ao incorporar a misión, a visión e os valores da UVigo recollidos no [Plan estratéxico 2021-2026](#) que cimentan toda a comunicación co fin de garantir o acceso dos distintos públicos a todas as accións, produtos e servizos e para potenciar a percepción da UVigo como unha única organización.

A estrutura do documento permite refundir accións, manter en activo as que teñen continuidade, redefinilas, descartar as anuladas e propoñer novidades, de acordo coa programación universitaria anual e cos recursos humanos e orzamentarios dispoñibles.

Neste último ano, a Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais seguiu a súa andaina cara a garantir a consecución dos obxectivos do Plan estratéxico, en particular o de mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo, así como apoiar os e as axentes e as unidades universitarias nos seus labores comunicativos, de acordo cos catro obxectivos marcados na súa estratexia.

Obxectivo 1. Consolidar e planificar a comunicación para promover fluxos de traballo

A vicerreitoría iniciou en 2024 unha ronda de visitas aos centros docentes e de investigación para presentar as novidades con respecto aos seus recursos e soportes e facilitar a integración da súa comunicación baixo o paraguas da identidade UVigo. Xa se visitaron o 84 % das facultades e das escolas e seguírase cos centros e institutos de investigación, así como cos servizos universitarios.

A xestión da comunicación institucional tamén se optimiza a través de xuntanzas periódicas coas persoas que xestionan a comunicación no universo UVigo e a difusión de protocolos e de modelos que faciliten a mellora dos procesos de información cos distintos públicos. Estase traballando na redacción dunha carta de servizos da área de comunicación e na coordinación da comunicación interna.

Obxectivo 2. Intensificar o sentimento de pertenza e a participación da comunidade universitaria a través da consolidación da imaxe corporativa

Para responder os desafíos da comunicación derivados das novas tecnoloxías, do desenvolvemento de novos modelos de relacións sociais e da introdución de novos soportes, estase a levar a cabo unha actualización completa do [manual de identidade corporativa](#) que supera xa o 70 %.

Neste eido, en 2023 púxose en marcha unha ferramenta de [reserva de espazos institucionais](#) para promover o desenvolvemento de actos que se institucionalizan coa colaboración dos distintos soportes da vicerreitoría e que se optimizarán coa elaboración dunha guía básica de organización de eventos.

Os recursos da UVigoTV seguen dedicados á elaboración de pezas audiovisuais de carácter institucional co fin de amosar o potencial de cada centro e dos seus correspondentes títulos nos medios dixitais e nas redes sociais, así como a produción de pezas que resumen no espazo [Dálle ao](#)

[Play](#) as actividades encamiñadas a realzar a imaxe e as fortalezas da UVigo no ámbito nacional e internacional.

Obxectivo 3. Consolidar a proxección nacional e internacional da Universidade de Vigo como centro de educación superior de excelencia

O labor informativo desenvolvido polo [Gabinete de Prensa](#) segue sendo a canle principal cos medios de comunicación e refórzase con outras actividades que permiten establecer e mellorar a relación cos diferentes públicos de interese, como a extensión da difusión social da ciencia a través da [Unidade de Cultura Científica e da Innovación](#) ou a optimización dos acordos cos medios para accións estratéxicas no ámbito dixital.

Baixo o lema [Máis UVigo](#), co fin de promocionar a oferta de titulacións, a campaña de comunicación 2024 segue reforzando o sentimento de pertenza a través da difusión das melloras en todos os ámbitos do liderado e da reputación da Universidade de Vigo coa participación das personaxes da canle de TikTok UVigoShow.

A vicerreitoría segue traballando para estreitar as relacións cos seus públicos apostando por formatos de éxito como as axendas entregadas ao estudantado ao inicio do curso nas xornadas de benvida, colaborando nas actividades organizadas polos membros da comunidade con material publicitario e vinculando o estudantado, o PTXAS e o PDI en accións promocionais e divulgativas.

Contribúese tamén á potenciación da proxección da UVigo no ámbito internacional a través da visibilización do labor de internacionalización en todos os soportes de comunicación ou da execución do plan de comunicación da Universidade Europea ATHENA.

Obxectivo 4. Reforzar a estratexia dixital

Os soportes dixitais permiten poñer a información ao alcance de todos os públicos, incidindo directamente nos procedementos comunicativos das institucións e actuando sobre a cultura corporativa.

A finais de 2023 desenvolvéronse melloras importantes na [páxina de inicio da web institucional](#) como a actualización da imaxe, a mellora do acceso aos contidos, a inclusión das webs dos centros docentes, unha galería de novas destacadas e de cifras significativas que amosan as fortalezas da institución. Este ano seguimos no camiño de facer da web un portal publicitario coa introdución dun piso de vídeos que amosan de xeito resumido as actividades máis atractivas da UVigo.

A consolidación dunha estratexia global institucional nas redes sociais converteuse nunha realidade co aumento de seguidores e seguidoras en todos os medios e o lanzamento en xaneiro de 2024 de [UVigoShow](#), unha canle de TikTok innovadora que busca empregar o humor e a orixinalidade para contar as aventuras de Jéssica, unha moza *nini* que toma a decisión de investigar en profundidade a universidade da man da mascota Oli.

Cómpre destacar neste eido que a Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais, coa colaboración do Consello Social, organizou [II Encontro de profesionais da comunicación en RRSS das universidades españolas, Rederas 2024](#), os días 23 e 24 de maio de 2024. Neste evento, que reuniu 33 especialistas de toda a xeografía española, analizáronse os retos, as novas tendencias e as boas prácticas relacionados co uso das RRSS como canles imprescindibles para manter unha comunicación aberta e fluída coa comunidade universitaria.

Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica

- Actualización do plan de saída a concurso de prazas de AXD, de acordo cos recoñecementos por actividades de goberno e de representación dos membros de cada unidade docente.
- Execución dun concurso de 26 prazas de profesorado axudante doutor e outras catro polo Plan de promoción de profesorado asociado.
- Preparación dun novo concurso á espera da sinatura de convenios entre o Ministerio, a Xunta e as universidades.
- Adaptación de normativas á LOSU e á Lei da ciencia, a fin de dar conta dos cambios referidos ás figuras de profesorado asociado, contratado doutor, permanente laboral etc.
- Preparación de contratos programa específicos cos departamentos, logo da formulación de necesidades por parte destes.
- Preparación de propostas para revisar o modelo de recoñecementos docentes, cargos académicos e bolsa de centros.

Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente

CENTROS E DOCENCIA

1. Creación do Centro de Posgrao e Formación Permanente

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2023	80 %
Cumprimento actual	100 %

Na sesión do Consello de Goberno, do 28 de abril de 2023, aprobouse a transformación da Escola Aberta de Formación Permanente no Centro de Posgrao e Formación Permanente co obxectivo de crear un centro institucional acreditado que poida acoller, ademais da oferta académica de titulacións propias, diferentes títulos de carácter transversal e estratéxicos para a universidade. Na configuración desta oferta prestarase especial atención ao desenvolvemento de títulos de posgrao e formación permanente con vinculación integral con maior presenza dos ODS para a captación de estudantado estranxeiro, sobre todo no espazo iberoamericano de educación superior e o desenvolvemento das microcredenciais.

Envióuselle a documentación á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a súa aprobación polo Consello Galego de Universidades como paso previo ao seu rexistro de RUCT.

O 24 de outubro de 2023 a Secretaría Xeral de Universidades conclúe que non ten competencias na creación de centros, polo que a solicitude se lle envía ao Ministerio e queda rexistrado no RUCT con data de creación do 7 de xuño de 2023

2. Creación da Facultade de Enfermaría

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2023	80 %
Cumprimento actual	80 %

Na sesión do Consello de Goberno, do 28 de abril de 2023, aprobouse a creación da Facultade de Enfermaría co obxectivo de integrar as escolas de enfermaría públicas adscritas á Universidade de Vigo. Chegouse a un acordo coa Deputación de Pontevedra e coa Consellería de Sanidade e a súa colaboración para a transferencia da titularidade curso a curso das citadas escolas.

A Facultade de Enfermaría terá unha sede en cada campus da universidade e albergará as titulacións de Grao en Enfermaría e de Mestrado universitario en Enfermaría. O primeiro comezaría no curso 2024/2025 e o segundo no 2025/2026.

Envióuselle a documentación á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a súa aprobación polo Consello Galego de Universidades como paso previo ao seu rexistro de RUCT.

A creación da facultade atópase á espera da sinatura dos convenios de desadscripción coas administracións das que dependen as escolas universitarias de enfermaría.

3. Estado das titulacións oficiais

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2023	80 %
Cumprimento actual	85 %

As principais medidas na oferta oficial están centradas no mantemento das titulacións que corren perigo de deixar de ofertarse pola baixa demanda e a implantación das titulacións que estaban pendentes. É necesario sinalar que o novo mapa de titulacións de grao aínda non está aberto, polo que non se pode traballar na implantación de novos graos ata o vindeiro ano.

Dentro do programa de racionalización da oferta docente no SUG respecto ás titulacións de grao, cómpre indicar que para o Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos está feita a solicitude de singularidade na Secretaría Xeral de Universidades, tendo en conta que comparte 120 créditos comúns co Grao en Enxeñaría da Enerxía e é única no SUG.

Polo que respecta ás titulacións do Grao en Enxeñaría Agraria e do Grao en Enxeñaría Forestal, había un acordo de análise de conversión de ambos os graos en títulos interuniversitarios no que estiveron a traballar os centros. En novembro de 2023 había que presentar a declaración de interese para a súa implantación no curso 2025/2026. A Secretaría Xeral de Universidades solicita suspender o proceso e queda o tema posposto para as negociacións do novo mapa de titulacións.

Para o curso 2024/2025 está previsto, á falta do informe favorable da ACSUG, a incorporación ao catálogo de títulos da Universidade de Vigo do Grao en Enxeñaría da Automoción, dos programas de percorridos sucesivos (PARS) en Enxeñaría Biomédica, Enxeñaría de Telecomunicación, Enxeñaría en Tecnoloxía Industriais, Enxeñaría Informática, Enxeñaría Aeronáutica e os mestrados universitarios en Biofabricación e Internet das cousas. Tamén, á falta dun informe favorable da ACSUG, está prevista a autorización dos mestrados universitarios en Ensino do español como lingua estranxeira ou segunda lingua e Economía circular, aínda que non está prevista a súa implantación ata o curso 2025/2026.

Para o curso 2025/2026 estase a traballar no proceso de implantación dos programas conxuntos de estudos oficiais (PCEO) do Grao en Comunicación Audiovisual e o Grao en Publicidade e Relacións Públicas, e do Grao en Enxeñaría Informática e o Grao en Intelixencia Artificial, e dos mestrados universitarios en Literatura dramática, música e artes escénicas, Prevención e tratamento das drogodependencias e condutas aditivas, Realidade estendida, Ciencia do exercicio, preparación física e readaptación deportiva, Enfermaría de práctica avanzada cardiovascular e respiratoria, Creación artística contemporánea e Incendios forestais: ciencia e xestión integral.

4. Negociación do novo mapa de titulacións

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2023	0 %
Cumprimento actual	0 %

Segundo o calendario da Secretaría Xeral de Universidades, no ano 2023 quedou aprazada a negociación do novo mapa de titulacións de grao debido ás eleccións na Universidade da Coruña e ás eleccións autonómicas.

As tres universidades públicas do sistema universitario de Galicia están agardando a

convocatoria da mesa de negociación para comezar a desenvolver o novo mapa de titulacións 2024-2028.

5. Virtualización de laboratorios

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2023	40 %
Cumprimento actual	70 %

Durante o ano 2023 integrouse un sistema de virtualización de laboratorios de uso de ferramentas de software (UNiverso) coa posta en funcionamento de demostradores con diferentes requirimentos de ancho de banda e latencia con sistemas de autenticación. O obxectivo é permitir o traballo remoto con software de uso académico en xeral desde terminais con prestacións limitadas.

Estanse a desenvolver mecanismos reutilizables en diferentes escenarios docentes, de investigación e de promoción da comunidade universitaria, a identificación de escenarios de uso de intelixencia artificial xenerativa con fins docentes e a implementación dun sistema de captura, retransmisión, almacenamento e xestión de sesións de vídeo que se integran cos sistemas de metaverso e de escritorio remoto da UVigo.

As primeiras aplicacións feitas no ano 2023 realizáronse en:

- Laboratorio de creación de contidos e metaverso da Facultade de Comunicación. Inclúe unha materia de segundo curso, tres materias de terceiro curso e catro materias de cuarto curso do Grao en Comunicación Audiovisual.
- Aula virtual de Solidworks da Escola de Enxeñaría Industrial. Inclúe unha materia do Mestrado en enxeñaría industrial.
- Torre de control remoto da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo. Inclúe unha materia de terceiro curso e outra de cuarto curso do Grao en Enxeñaría Aeroespacial e dúas materias do Mestrado en enxeñaría aeronáutica.
- Debate na Facultade de Dereito. Incluído nunha materia de primeiro curso.

Durante o ano 2024 seguirase mellorando o proxecto para que poida ser utilizado pola comunidade universitaria en máis experiencias, así como as aplicacións realizadas no ano 2023.

6. Migración a SIGMA

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2023	70 %
Cumprimento actual	85 %

Na actualidade estanse a migrar os datos complementarios dos expedientes migrados (información requirida para o SET), datos de acceso, datos de mobilidade, recoñecementos e actividades, configuración dos novos plans de estudo de grao e de mestrado de acordo coa planificación docente do curso 2024/2025, a xestión do programa SICUE a través do módulo de mobilidade, formación para a implantación do módulo dos TFG e TFM e continúaase coa implantación do galego.

Quedarían por implantar as prácticas externas e os doutoramentos (comezouse coas formacións e definicións dos programas), a mobilidade Erasmus, as guías docentes (estase a traballar na definición do módulo na Área de Calidade) e a migración dos expedientes dos estudos extinguidos.

7. Debate sobre o modelo de planificación docente anual

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2023	0 %
Cumprimento actual	5 %

Este obxectivo está atrasado debido á espera pola publicación da nova Lei do sistema universitario (LOSU) e á súa implicación na toma de decisións. Tamén se deberá ter en conta o novo plan de financiamento do SUG, onde se definen os parámetros de financiamento do cadro do PDI das titulacións.

Neste ano 2024 estase a facer un estudo das posibles melloras que se poidan propoñer tendo en conta os cambios experimentados pola nova lei e as posibles modificacións no plan de financiamento.

8. Bolsa de centros

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2023	0 %
Cumprimento actual	100 %

Convocouse a Comisión de Recoñecementos Docentes na Bolsa de Centros, creada no Claustro Universitario, que estivo a traballar, xunto coas achegas dos centros, na análise dos actuais recoñecementos de actividades e na xestión e no apoio nos centros e posibles actuacións, na análise das consultas realizadas aos centros e finalmente enviando unha resolución a estes traballos.

A vicerreitoría preséntalle á comisión o estado actual do desenvolvemento da normativa de recoñecementos de actividades de xestión e de apoio nos centros no que respecta a títulos de grao, mestrados, programas de doutoramento e campus de especialización. Ábrese un debate no que se sinala que se deberían obxectivizar as tarefas que hai que realizar e non tratar só a bolsa de centros, senón toda a normativa de dedicación e de recoñecementos docentes como un conxunto. Hai un acordo unánime para que se incorporen como tarefa explícita os recoñecementos para os responsables PIUNE na convocatoria do curso 2024/2025.

Ante a ampla casuística existente, chégase ao acordo de solicitarlles aos centros o conxunto de tarefas que consideran necesarias para organizar as actividades relacionadas con aspectos académicos que levan a cabo.

En xaneiro de 2024, tras recibir as achegas de diversos centros, como remate do traballo da comisión propónse informar o Claustro das seguintes propostas como resultados do traballo realizado:

- Manter as bolsas de horas xestionadas polos centros/comisións académicas de mestrado.
- Incluír como actividades, xa existentes actualmente, na bolsa de horas de forma específica:

- Coordinación do título.
- Apoio ao programa PIUNE.
- Apoio á captación de estudantes.
- Apoio á mobilidade de estudantes.
- Apoio á calidade.
- Apoio ás prácticas externas.

Engadir como actividades específicas na bolsa de horas:

- Enlace de igualdade.
- Enlace de galeguización.
- Apoio á coordinación de relacións exteriores.
 - Porcentaxe de libre disposición (definida polos centros, dentro dunha porcentaxe axeitada para o número total de horas e cunha tarefa determinada para a que se propón o citado número de horas).
- Propoñer un estudo xeral dos recoñecementos docentes nos que se inclúa a posibilidade de retirar a coordinación de título da bolsa e incorporala como cargo académico.

FORMACIÓN PERMANENTE E INNOVACIÓN DOCENTE

9. Incremento e promoción dos títulos propios e dos programas de formación permanente do profesorado

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2023	40 %
Cumprimento actual	50 %

Estase a traballar no incremento e na promoción dos títulos propios co inicio dunha nova campaña publicitaria no mes de maio de 2024.

Na oferta do curso 2024/2025 está prevista a incorporación de novas titulacións de posgrao: dous mestrados de formación permanente, un título de especialista e dous títulos de experto/a universitario.

A dirección do CFPF participou no grupo de traballo CRUE-RUEPEP no documento «Orientacións para as microcredenciais» e está prevista a oferta desta nova modalidade formativa a finais de 2024.

No que respecta ao programa de formación permanente do profesorado, actualízase o catálogo anualmente e ofertarase o programa de formación do novo profesorado para o bienio 2023-2025 baseado na obtención de competencias docentes, pertenza institucional, innovación e competencias transversais.

10. Formación para o emprego

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2023	50 %
Cumprimento actual	70 %

No curso 2022/2023 comezaron as seis accións formativas correspondentes á convocatoria de cursos de formación para a capacitación dixital e a sustentabilidade no ámbito do transporte e da mobilidade, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, Next Generation EU do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. Todas estas formacións cubriron as prazas dispoñibles. Están planificadas novas edicións nos anos 2024 e 2025.

Por outra banda, asinouose un novo convenio de colaboración co SME Instituto Nacional de Ciberseguridade de España MP, SA para a promoción de cátedras de ciberseguridade en España no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, Next Generation EU. Este convenio inclúe a impartición de dúas edicións de catro cursos básicos de ciberoperacións defensivas, ofensivas, de intelixencia de ciberameazas e xestión de riscos por un importe total de 400 000 euros.

No ano 2024 definirase a oferta de microcredenciais dentro do Plan Microcreds lanzado polo Ministerio de Universidades, tamén no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, Next Generation EU.

11. Innovación docente

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2023	50 %
Cumprimento actual	60 %

Estanse a desenvolver experiencias piloto anuais nos centros docentes para incentivar accións de innovación docente en liña co RD 822/2021 nunha estratexia metodolóxica específica e diferenciada que estructure a globalidade dun título universitario oficial. No ano 2022 desenvolvéronse a través dunha convocatoria pública, do 22 de marzo, tres proxectos pilotos de innovación docente na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e na Facultade de Educación e Traballo Social por un importe de 25 000 euros. O 7 de xullo de 2023 saíu unha nova convocatoria por un importe de 15 000 euros. A Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, a Escola de Enxeñaría Industrial e a Facultade de Comunicación melloraron o seu proceso de ensino-aprendizaxe a través da virtualización en metaverso dalgunhas materias.

O número de grupos de innovación docente (GID) segue aumentando. No ano 2022 fíxoo un 5 % e no ano 2023, un 2 %. En 2024 cambiou o sistema de xestión dos GID para adaptarse ás liñas de traballo que seguen as universidades españolas.

12. Programa universitario de maiores

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2023	50 %
Cumprimento actual	60 %

O plan de estudos do Programa universitario de maiores vaise actualizando cada ano de acordo coa demanda e cos perfís das persoas participantes. O número de estudantes incrementouse significativamente nos campus de Ourense e de Vigo e a listaxe de agarda supera as trinta persoas.

O programa Marea do coñecemento en 2023 tivo un grande éxito de participación

(450 persoas) e impartirase en 2024 nos concellos de Allariz, Ribadavia, Lalín, Covelo, O Rosal e Poio.

En outubro de 2023 presentouse unha solicitude de acreditación para a mobilidade de adultos ERASMUS+ xunto cun plan de internacionalización para o PUM que, aínda que foi ben valorada, non superou a puntuación necesaria. Coa experiencia acadada, intentarase na próxima convocatoria de 2024. Na Comisión de Estatutos estase a valorar a participación do estudantado deste programa nas eleccións ao Claustro. Na actualidade só teñen posibilidade de participar nas eleccións á Reitoría.

A migración a SIGMA deste programa non é viable na actualidade e requirirá unha adaptación da plataforma.

13. Desenvolvemento de MOOC e de microcredenciais

Cumprimento previsto	100 %
Cumprimento en 2023	0 %
Cumprimento actual	10 %

Estase a traballar na incentivación do desenvolvemento de MOOC. A través do proxecto UNIDIGITAL estase na fase de licitación da plataforma xOC que permitirá a creación deste tipo de formación.

A dirección do CFPF participou no grupo de traballo CRUE-RUEPEP no documento «Orientacións para as microcredenciais» e está prevista a oferta desta nova modalidade formativa a finais de 2024. Neste intre, o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades xa fixo a transferencia ás comunidades autónomas dos cartos correspondentes ao programa nacional de desenvolvementos de microcredenciais para que sexan xestionadas por cada comunidade autónoma. As universidades públicas do sistema universitario de Galicia están á espera da instrución correspondente para coñecer o orzamento asignado, o procedemento de deseño e a definición e da xestión destas.

Por outra banda, a Universidade de Vigo, ao longo dos cursos académicos 2024/2025 e 2025/2026, ten previsto a impartición de microcredenciais orientadas á empregabilidade coa axuda, por parte do Banco de Santander, de 170 bolsas de 300 euros.

Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade

A universidade ten o compromiso co estudantado de ofrecerlle un desenvolvemento integral mediante o apoio, a orientación e a formación en todas as súas etapas: antes de iniciar os seus estudos para darlle a coñecer a oferta formativa da UVigo; no seus inicios, para facilitar a súa incorporación á vida universitaria; durante o seus estudos, coa regulamentación, a formación transversal e a participación estudantil; ao finalizar, cos programas de emprego e de emprendemento que faciliten a súa incorporación ao mercado laboral; e, por suposto, como egresado e egresada, facilitando as colaboracións que respondan a intereses comúns.

Este compromiso maniféstase en seis liñas de actuación externas e complementarias á propia docencia orientadas a todos os colectivos de estudantes. Os obxectivos acadados neste segundo ano de mandato son:

1. Captación de estudantado

Continúase coas actividades do Plan de captación de alumnado da Universidade de Vigo, que recolle un conxunto de actividades dirixidas a dar a coñecer a oferta formativa e as fortalezas da Universidade de Vigo a diferentes colectivos, tanto en Galicia coma no ámbito nacional e internacional. Nese senso, neste segundo ano de mandato incorpóranse as seguintes actividades:

- Captación internacional: asistencia a feiras internacionais e realización de charlas divulgativas en institutos do norte de Portugal.
- Creación do programa de voluntariado «Orientación ao alumnado preuniversitario», no que estudantes da UVigo participan en actividades de captación de alumnado.
- Xornada de Portas Abertas no campus de Ourense e de Pontevedra e Xornada de Orientación Universitaria no campus de Vigo.
- Xornada Virtual de Portas Abertas.
- Xornada Virtual de Estudos de Mestrado.
- Oferta de charlas a IES sobre a oferta da UVigo por ámbito de coñecemento.

2. Regulamentos

Para cumprir os Estatutos da Universidade de Vigo e atender as necesidades do estudantado modificáronse as seguintes normativas:

- Regulamento de prácticas académicas externas.
- Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos.
- Regulamento de recoñecemento de créditos por actividades universitarias.

3. Bolsas, axudas e premios

Para asegurar o acceso á universidade e á igualdade de oportunidades, continuouse co programa de bolsas propias da UVigo. Ademais de consolidar as novas convocatorias do primeiro ano de mandato (bolsas de mobilidade SICUE e axudas para realizar as prácticas curriculares), pónense en marcha:

- Bolsas para realizar prácticas externas en empresas de recente creación da UVigo.
- Premios de emprendemento para traballos de fin de estudos e para teses de doutoramento.

4. Formación en competencias transversais

A adquisición de competencias é unha necesidade e unha esixencia dos actuais sistemas de ensino universitario no marco da Europa do coñecemento. A universidade debe responder a novas expectativas, como a aprendizaxe ao longo da vida, o desenvolvemento de habilidades multidisciplinares e as competencias no uso e no manexo da información. Para adquirir estas competencias ofertáronse neste ano os seguintes programas:

- e-Destrezas: é un programa de formación orientado ao desenvolvemento e á mellora das competencias dixitais do estudiantado da Universidade de Vigo. Para o ano 2024 puxéronse en marcha axudas para que o estudiantado poida obter a Certificación internacional de competencia dixital (ICDL), que reconece a formación básica e completa en informática a nivel de usuario/a.
- Xoves Empregables: é un ciclo de oito conferencias en liña para avaliar as competencias transversais das persoas participantes e traballar nas habilidades necesarias en contornas laborais.

5. Participación estudiantil

Para conseguir que a experiencia do paso pola universidade do noso estudiantado mellore, é necesario incorporar na vida universitaria outro tipo de actividades e de cuestións incluídas de xeito xenérico na extensión universitaria. Para promover actividades organizadas polos colectivos de estudantes convocáronse por primeira vez este curso:

- Axudas para delegacións da Universidade de Vigo no curso 2023/2024.
- Axudas para asociacións da Universidade de Vigo no curso 2023/2024.

6. Mellora da empregabilidade

Co obxectivo de facilitar que as persoas tituladas na universidade afronten o seu futuro profesional con maiores garantías de éxito, puxéronse en marcha as seguintes iniciativas:

- Pasaporte de empregabilidade: trátase dun conxunto de actividades que ofrecen unha ampla formación, ferramentas e técnicas para mellorar as habilidades do estudiantado e das persoas recentemente tituladas cara á busca de emprego.
- Feiras EmpregoInCampus: realizouse unha feira de emprego por campus co obxectivo de poñer en contacto persoas recentemente tituladas e o estudiantado do último curso con empresas colaboradoras que estean buscando talento na Universidade de Vigo.
- Distintivo de empregabilidade: é un recoñecemento aos centros docentes da UVigo polas accións realizadas para fomentar o desenvolvemento das competencias e dos coñecementos de seu estudiantado co fin de mellorar a súa empregabilidade.
- Axencia de colocación: promovida pola Área de Emprego e Emprendemento, a axencia de colocación da Universidade de Vigo (núm. de autorización: 1200000121) fomenta a inserción laboral do estudiantado e das persoas tituladas a través dun servizo público, gratuíto e de carácter voluntario.

7. Comunidade alumni-UVigo

Para acadar o obxectivo co que naceu a comunidade alumni-UVigo de xerar un espazo de comunicación que permita manter activo o vínculo entre a institución e as persoas que nalgún

momento mantiveron unha relación coa universidade, neste segundo ano de mandato realizáronse as seguintes actividades:

- III Premios alumni-UVigo e III Encontro anual alumni-UVigo 2024.
- Rede alumni UVigo: redes sociais para poñer en contacto e crear un espazo de comunicación entre a comunidade alumni da UVigo.
- Programa Mentoring: alumni con máis de cinco anos de experiencia nun sector determinado exercen labores de orientación, tutela ou asesoramento profesional a alumni noveis.
- Bolsas talento conecta: en colaboración coa FUVI, programa de bolsas de formación para titulados e tituladas.
- Boletín informativo: publicación quincenal de ofertas de prácticas, de emprego, de bolsas, cursos de formación, convocatorias e calquera información de interese para o emprego e o emprendemento.

Vicerreitoría de Extensión Universitaria

ÁREA DE DEPORTES (maio de 2023-maio de 2024)

OBXECTIVO 1. Visualización das actividades deportivas na sociedade (propias e alleas á comunidade)

1. Campionatos universitarios

1.1. Competicións internas

1.1.1 Ligas universitarias de deportes de equipo: 1300 participantes

- Fase de campus (un partido á semana de outubro de 2023 a febreiro de 2024)
- Final intercampus (22/02/2022, campus de Vigo)

1.1.2. Campionatos individuais

- Tenis de mesa (07/03/2024, campus de Vigo): 10 participantes
- Tenis: 30 participantes
- Fase de campus. Ourense e Vigo (04/03/2024 - 08/03/2024)
- Fase final intercampus (11/03/2024 - 15/03/2024, campus de Vigo)

1.2. Campionatos galegos universitarios

1.2.1. Deportes colectivos (13/04/2024 - 14/04/2024, campus de Pontevedra): 220 participantes da UVigo

1.2.2. Natación (29/03/2024, campus de Santiago de Compostela): 20 participantes da UVigo

1.2.3. Orientación (9/03/2024, campus da Coruña): 9 participantes da UVigo

1.2.4. Vela (06/03/2024, Vilagarcía de Arousa): 8 participantes da UVigo

1.3. Campionatos de España 2024: 97 deportistas e 26 técnicos/as

1.3.1 Modalidades de participación individual

- Halterofilia
- Tenis
- Tenis de mesa
- Loita
- Atletismo
- Xadrez
- Bádminton
- Surf
- Karate
- Judo
- Orientación

1.3.2 Modalidade de participación por equipos

- Vela (4 deportistas e 1 oficial)

- Baloncesto F. (12 deportistas e 3 oficiais)
- Balonmán F. (14 deportistas e 2 oficiais)
- Balonmán M. (14 deportistas e 2 oficiais)
- Rugby M. (14 deportistas e 2 oficiais)
- Taekwondo (11 deportistas e 3 oficiais)

1.4. Deporte federado

1.4.1 Campus de Ourense

- Sección deportiva de baloncesto

1.4.2 Campus de Vigo

- Sección deportiva de tenis
- Sección deportiva de carreiras de orientación
- Sección deportiva de carreiras populares

1.5. Actividades en colaboración con outras entidades

1.5.1 Campus de Ourense

- IX Torneo Internacional de Xadrez do campus de Ourense: pavillón universitario, xullo de 2023 (84 participantes de diferentes clubs).
- Xornadas deportivas do Campus Camp de verán: edificio técnico-administrativo e instalacións deportivas do campus; última semana de xuño/xullo/primeira semana de setembro. Dirixido a fillas e fillos menores da comunidade universitaria; preto de 40 participantes.

1.5.2. Campus de Vigo

- Descubrindo o norte: plan de orientación do campus de Vigo, maio de 2024. Alumnado de 6.º do CEP plurilingüe Igrexa Valadares; proxecto interdisciplinario coa participación de 30 estudantes.
- Campus Camp de verán: edificio técnico-administrativo e instalacións deportivas do campus; xuño, xullo e setembro de 2023. Dirixido a fillas e fillos menores da comunidade universitaria; 125 participantes.

OBXECTIVO 2. Incremento da participación da comunidade universitaria en actividades deportivas (especialmente do estudiantado)

2.1. Abono mUVer (Ourense: 556; Pontevedra: 353; Vigo: 650)

2.1.1. Actividades en instalacións propias

Fitness: 465 participantes

Escolas de iniciación deportiva: 335 participantes

2.1.2. Actividades de natureza

Augaventura: 255 participantes

Exploracampus: 65 participantes

Rutas culturais (en total 10): 925 participantes

2.2. Creación dun grupo de traballo con estudantes representantes de todos os centros do campus de Vigo e coa ESN. Reunións trimestrais e actividades conxuntas (actividades en Marikín Park, 15 de setembro de 2023 e andaina do solpor no monte Galiñeiro, 10 de maio do 2024).

2.2.1 Actividades do estudantado

Campus de Pontevedra

- Torneos de fútbol sala e baloncesto de Fisioterapia: pavillón universitario; novembro-decembro de 2023. Organización por conta da delegación de estudantes da Facultade de Fisioterapia.

Campus de Vigo

- Carreira popular de Santa Bárbara: pista de carreira a pé das Lagoas, Marcosende; decembro de 2023. Organización por conta da delegación de estudantes da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (50 participantes).
- Torneos de fútbol sala e de baloncesto 3 x 3 de Minas: pavillón universitario; decembro de 2023. Organización por conta da delegación de estudantes da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, 80 participantes.
- Torneo de tenis de mesa de Industriais: pavillón universitario, decembro de 2023. Organización por conta da delegación de estudantes de Enxeñaría Industrial.
- Torneo San Teleco de fútbol sala e de fútbol 7: última semana de setembro de 2023. Organización por conta da delegación de estudantes da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.
- Xogos intercentros: varias instalacións, 16 de marzo de 2024: 320 participantes que competiron nas modalidades de voleibol, concurso de triplos, baloncesto 3 x 3, tenis de mesa e atletismo 100 m, 200 m e remudas e fútbol 7. Organización por conta das delegacións de estudantes de Enxeñaría de Minas e Enerxía, Bioloxía, Química e Ciencias do Mar.

2.3. Outras actuacións

2.3.1. Programa de recoñecemento de créditos

- Escolas deportivas
- Representación da UVigo en competicións

2.3.2. Bolsas de formación complementaria en unidades e áreas

- Comunicación en redes
- Dinamización da participación do estudantado

2.3.3. Programa de apoio a deportistas de elite

OBXECTIVO 3. Revisión das accións da área de deportes e, de ser o caso, mellora.

- Revisión dos convenios coas diversas entidades deportivas e, de ser o caso, actualizalos para a súa optimización.
- Solicitud de campañas de difusión do uso das instalacións deportivas da universidade a equipos alleos.

ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (maio de 2023-maio de 2024)

OBXECTIVO 1. Promoción e incremento do uso do galego na institución

- 1.1.1. Celebración do Día das Letras Galegas o día 16 de maio de 2024 no campus de Ourense.
- 1.1.2. Edición de 100 exemplares co logo da ANL do libro *Abonda con vivir* de Montse Dopico con motivo do Día das Letras Galegas 2024 dedicado a Luísa Villalta.
- 1.3. Conmemoración do centenario do Seminario de Estudos Galegos «Xeiras con Historia»: 19 de maio en Ribadavia e 26 de maio en Allariz.
- 1.4. Convocatoria dos Premios de poesía, relato e tradución da Universidade de Vigo 2023.
- 1.5. Campaña «Galego de Tranquis».
- 1.6. Colaboración coas fundacións Vicente Risco e Rosalía de Castro.
- 1.7. Primeira parte do ciclo de cinema: «A lingua galega no cinema» organizada do 2 de abril ao 9 de maio, no auditorio do Parque das Illas Atlánticas de Galicia (edificio Cambón) na rúa da Oliva, núm. 3, en Vigo (coa axuda da Deputación de Ourense).
- 1.8. Entrega dos distintivos de galeguización Gal Ego á Facultade de Educación e Traballo Social e á Facultade de Filoloxía e Tradución (honorífico).
- 1.9. Colaboración con centros en actividades de dinamización do galego:
 - 1.9.1. Facultade de Comercio: Visita guiada «Navega patrimonio material e inmaterial da actividade industrial na ría de Vigo» o 4 de abril.
 - 1.9.2. Facultade de Dereito de Ourense: edición do vídeo «O Dereito, tamén en Galego».

OBXECTIVO 2. Accións conxuntas entre cultura, deportes e a ANL

- 2.1.1. Exposición e xornada «Voute preservar, miñoca! Onde os videoxogos en galego e a arqueoloxía se dan a man»: 15 de setembro de 2023 en Vigo, 2 de febreiro de 2024 en Ourense e do 22 ao 26 de abril en Pontevedra.
- 2.1.2. Exposición «Antía Cal, unha mestra innovadora» desde o 9 de febreiro ao 22 de marzo de 2024, no Edificio Redeiras, Vigo.
- 2.1.3. Exposición do Herbario de Rosalía «Cando as prantas nascen» do 2 ao 12 de abril no campus de Ourense, do 16 ao 26 de abril no campus de Pontevedra e do 30 de abril ao 10 de maio no edificio Redeiras do campus de Vigo.
- 2.1.4. Xornada para o alumnado Erasmus da Universidade de Vigo, unha visita guiada á Casa-Museo de Rosalía de Castro, dúas conferencias impartidas por especialistas en Rosalía e entrega de diplomas.

ÁREA DE CULTURA (maio de 2023-maio de 2024)

OBXECTIVO 1. Achegamento entre a UVigo, a cidade e a súa contorna. Actividades no Edificio Redeiras.

- 1.1.1. Exposicións en Redeiras (véxase o apartado da ANL).
- 1.1.2. Ciclo de cine en versión orixinal (catro sesións en inglés e catro en italiano). Cinema galego (véxase o apartado da ANL).

- 1.1.3 Proxecto en marcha: catalogación de bens culturais da UVigo nos tres campus.
- 1.1.4 Obradoiros e cursos de extensión universitaria (dirixidos á comunidade universitaria e á sociedade).
- 1.1.5 Creación da rede social de Instagram «Culturauvigo» para que se converta en referente de todas as actividades culturais organizadas desde a UVigo.

OBXECTIVO 2. Realización de eventos culturais no campus de Vigo, As Lagoas, Marcosende.

- XXVI Miteu Vigo: «Desequilibrios». Seis obras de teatro (cinco universitarias –Pontevedra, León, Vigo, Ourense e Colombia– e unha no Centro de Arte Dramática Galega). Asistencia: unha media de 65 persoas.
- Convocatoria dos concursos de creación audiovisual, fotografía, pintura e maquetas de música (en fase de presentación).

Vicerreitoría de Internacionalización (desde o 12 de xullo de 2023)

En termos xerais, levouse a cabo a actualización da sección «Internacional» na web da Universidade de Vigo: <https://www.uvigo.gal/internacional>

Realizouse un informe cos resultados da enquisa enviada aos centros da Universidade de Vigo: [Informe Enquisa Internacionalización.pdf](#)

Con respecto aos eventos organizados pola Vicerreitoría de Internacionalización:

- I Xornada de Igualdade para o Estudantado Internacional (14 de marzo de 2024).
- Celebración do Día das Letras Galegas co estudantado internacional e visita á Fundación Rosalía de Castro (2 de maio de 2024).
- XXI Sectorial CRUE de internacionalización e cooperación en colaboración coa UDC e coa USC (6 e 7 de maio de 2024).
- Semana Internacional na Universidade de Vigo (do 6 ao 10 de maio de 2024).
- Celebración do Día de Europa co estudantado internacional (9 maio de 2024).
- Celebración do Día de Europa e promoción da campaña para fomentar o voto entre o estudantado de toda a comunidade universitaria pertencente ás universidades socias da alianza ATHENA (15 de maio de 2024).

Con respecto aos eixes temáticos nos que se basea a estratexia de internacionalización da Universidade de Vigo:

LIÑA 1. Cooperación internacional

Neste eido promovéronse convenios de intercambio e de colaboración. Recibíronse delegacións de numerosas universidades e continuouse coa revisión e coa actualización dos convenios. Renováronse ou aprobáronse uns 200 convenios.

Con respecto á participación da Universidade de Vigo en redes e asociacións, incorporáronse dúas novas asociacións: AMITY e APUNE. Creouse na páxina web un espazo onde figuran todas as redes nas que a Universidade de Vigo participa: <https://www.uvigo.gal/internacional/asociacions-redes-internacionais>

- Grupo Compostela de Universidades (GCU)
- European University Association (EUA)
- European University Foundation (EUF)
- International Student Exchange Programs (ISEP)
- Leo-Net Rede de Prácticas Erasmus+
- Global Education for European Engineers and Entrepreneurs (Ge4)
- Asociación de Programas Universitarios Norteamericanos En España (APUNE)
- Amity Institute

A Vicerreitoría de Internacionalización da Universidade de Vigo forma parte do proxecto europeo DACEM, liderado polo docente e investigador Manuel Caeiro, para elaborar un catálogo en liña de materias das universidades socias.

As vicerreitoras de Internacionalización, Maribel del Pozo, e de Investigación, Transferencia e Innovación, Belén Rubio, asistiron á reunión anual da EUA en Swansea (Reino Unido) os días 11 e 12 de abril de 2024.

Respecto á creación de dobres titulacións internacionais, tras a publicación da revisión do Regulamento de recoñecemento mutuo de créditos ao abeiro de programas de intercambio (9 de maio de 2024), a Universidade de Vigo asinou catro convenios:

- Mestrado universitario en tradución para a comunicación internacional da Universidade de Vigo e *Corso di Laurea Magistrale in Lingue Moderne e Traduzione per le Relazioni Internazionali* da Università degli Studi di Palermo.
- Mestrado en enxeñaría de telecomunicación da Universidade Vigo e Mestrado en ciencias en electrónica e telecomunicación da Universidade Tecnolóxica de Łódz.
- Grao en Dereito da Universidade de Vigo e Avogacía da Universidad Gastón Dachary.
- Grao en Dirección e Xestión Pública da Universidade de Vigo e Programa de ciencia política da Universidad Nacional Abierta y a Distancia.

Continuando coa creación de titulacións internacionais conxuntas, nesta última convocatoria do Erasmus Mundus presentáronse dúas propostas na categoría *Design measures*:

- Master in Digitalisation and Gender
- International Master in Intertwined Humanities and Technology

Nestes dez meses continuouse coa intensa actividade dentro da nosa Universidade Europea ATHENA, principalmente na redacción da nova proposta ATHENA 2.0. A nova proposta presentouse á quinta convocatoria da Comisión Europea o 20 de febreiro de 2024. A vicerreitora asistiu á European University Alliances: Drivers of Change and Innovation in Higher Education os días 29 e 30 abril 2024 en Bruxelas.

LIÑA 2. Mobilidade

Neste eido estase traballando para aumentar o número de mobilidades tanto físicas coma virtuais. Así, con respecto á mobilidade presencial, os datos para o curso 2023/2024 son os seguintes:

Colectivo	Convocatoria	Fluxo	Número
Estudiantado	ERAMUS +KA131	Entrante	336
		Sáinte	444
			(372 grao, 27 doutoramento, 29 BIP, 16 prácticas)
	ERASMUS+ KA171	Entrante	10
		Sáinte	1
	Bolsas propias	Entrante	105
		Sáinte	22
	GE4	Entrante	0
		Sáinte	2
	ISEP	Entrante	12
		Sáinte	5
	VULCANUS	Entrante	-
		Sáinte	0

Colectivo	Convocatoria	Fluxo	Número
PDI	ERAMUS +KA131	Entrante	15
		Sáinte	163
	ERASMUS+ KA171	Entrante	16
		Sáinte	2
	IACOBUS	Entrante	8
		Sáinte	9
PTXAS	ERAMUS +KA131	Entrante	12
		Sáinte	8
	ERASMUS+ KA171	Entrante	4
		Sáinte	0
	IACOBUS	Entrante	3
		Sáinte	3

O 20 de febreiro de 2024 presentáronse as propostas na convocatoria ERASMUS+ KA131 para o estudiantado, o PDI e o PTXAS e tamén para a organización de BIP e na convocatoria ERASMUS+ KA171 para o estudiantado, o PDI e o PTXAS. Nesta última modalidade presentáronse propostas a 11 das 12 rexións (1: Balcáns occidentais, 2: Veciñanza oriental; 3: Mediterráneo sur, 5: Asia, 6: Asia central, 7: Oriente Medio, 8: Pacífico, 9: África subsahariana, 10: América Latina, 11: Caribe, 12: Estados Unidos e Canadá).

Con respecto á participación en feiras de *networking*, a Vicerreitoría de Internacionalización participou na EAIE en Rotterdam do 26 ao 29 de setembro de 2023. No eido correspondente á xestión e á dixitalización das convocatorias de mobilidade, é importante salientar a participación da Vicerreitoría de Internacionalización e da Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo nos seguintes eventos:

- EWP Back to the Future-Student Mobility Summit en Barcelona, do 30 de xaneiro ao 1 de febreiro de 2024.
- MoveON-Spanish Group Onsite Training na Universidad Loyola, Sevilla, os días 19 e 20 de marzo de 2024.

A Vicerreitoría de Internacionalización tamén está participando activamente no subgrupo de traballo de equivalencias da sectorial da CRUE de internacionalización e cooperación co fin de acadar unhas táboas que reflectan axeitadamente a equivalencia entre cualificacións. Ademais, esta vicerreitoría está presente en todos os subgrupos de traballos desta sectorial:

- Erasmus+
- Non Erasmus+
- Internacionalización na casa
- Promoción internacional

O 28 de maio de 2024, a Comisión de Relacións Internacionais (CRI) aprobou o Regulamento de mobilidade internacional.

LIÑA 3. Plurilingüismo

Coa creación da nova Área de Plurilingüismo en novembro de 2023, puxéronse en marcha varias iniciativas co fin de promover a aprendizaxe e a reciclaxe das linguas estranxeiras no seo da comunidade universitaria. A continuación, destacamos as seguintes:

Inglés e alemán *One2One*: esta iniciativa está dirixida tanto ao PDI como ao PTXAS e ao estudiantado. Pretende ofrecer un apoio lingüístico puntual para as presentacións, a defensa de traballos académicos e as preparacións de proxectos, entre outros. A través de sesións individuais virtuais co profesorado do Centro de Linguas (CdL), os membros da comunidade universitaria poden mellorar a expresión, a mediación e a interacción oral en inglés e alemán.

Nesta actividade, alcanzáronse os seguintes datos de participación:

Inglés *One2One*:

119 persoas inscritas

40 sesións individuais de 50 minutos

Alemán *One2One*:

19 persoas inscritas


30 sesións individuais de 30/50 minutos

Tándem lingüístico: esta iniciativa deseñouse para fomentar o intercambio cultural e a aprendizaxe de linguas dentro da comunidade universitaria. Este programa ofrece unha oportunidade única para establecer contactos lingüísticos con falantes procedentes dos múltiples programas de mobilidade dunha ampla variedade de idiomas (alemán, árabe, chinés, español, francés, galego, hindi, indonesio, inglés, italiano, xabanés, kirunai, malaio, marathi, nepalí, polaco, portugués, punjabi, swahili, tagalo, támil, tunisiano e turco). Está aberto a toda a comunidade universitaria e o obxectivo é facilitar un espazo onde as e os participantes poidan practicar e mellorar as súas habilidades lingüísticas a través de conversacións informais.


Datos de participación o día 5/6/2024

Nº de solicitudes: 166

Desglose por lingua solicitada:



Solicitudes desglosada por colectivo



Plan PIPA (Plan integral de preparación e acreditación do inglés): ten como obxectivo potenciar a formación do alumnado e tamén a acreditación dos seus coñecemento de lingua inglesa. Este programa pioneiro facilitará que cada ano académico parte do alumnado de novo ingreso realice un curso preparatorio e acceda ás probas de certificación CertAcles de balde.

Datos actualizados de participación o día 5/6/2024

Exame CertAcles B1: 17 persoas presentadas

Curso de Inglés **Get Fluent**: é un curso para as persoas que queren mellorar as súas competencias orais en lingua inglesa. O obxectivo final é que o estudantado adquira fluidez para poder comunicarse nun amplo abano de situacións e poida expresarse nunha gran variedade de temas. Ademais, este curso introduce o alumnado á pronunciación do inglés.

Convenio coa **Società Dante Alighieri**: tendo en conta que o estudantado Erasmus saínte seleccionado para o curso 2024/2025 alcanza as 176 persoas (2023/2024 marcharon 125 en total) e grazas ao acordo asinado con La Dante, tanto o estudantado que marche de Erasmus para países de fala italiana coma o PDI e PTXAS que saian de estadia, poderán recibir unha formación de 40 horas de nivel A1/A2.

Por último, cómpre tamén destacar que a elaboración do Regulamento de docencia en linguas estranxeiras está moi avanzado e agardamos que en breve se aplique.

LIÑA 4. Captación internacional e Welcome Center

Neste eixe, desde a Vicerreitoría de Internacionalización, xunto coa Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, estamos a traballar nos cambios das normativas estatais e autonómicas relacionadas co acceso e coa admisión á universidade. Nesta liña destaca a participación na «Jornada de análise sobre acceso y admisión de estudantes internacionais», organizada polo SEPIE o 16 de xaneiro de 2024 e a reunión coa Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia o 18 de marzo de 2024.

No ámbito da Universidade de Vigo estase traballando co Servizo de Posgrao na modificación do calendario de mestrados para facilitar a preinscrición do estudantado internacional.

Con respecto á captación de estudantado en Latinoamérica, a vicerreitoría participou nas feiras «Estudar en España» organizadas polo SEPIE en Río de Xaneiro e en Belo Horizonte (Brasil) en setembro de 2023 e en Lima (Perú) e en Bogotá (Colombia) en maio de 2024.

Asemade, estase a traballar no deseño e na implementación dun Foundation Programme.

LIÑA 5. Actualización e dixitalización dos procedementos administrativos e de xestión da ORI

Estase levando a cabo unha consultoría sobre os procedementos administrativos e de xestión da ORI. Comezouse un proceso de documentación destes procedementos e de xestión co obxectivo de poder desenvolver unha estratexia de automatización e de dixitalización, tendo en conta a integración coas solucións xa implantadas na institución.

Vicerreitoría do Campus de Ourense

Acreditación do Campus Auga e desenvolvemento das actividades de investigación	100 %
Sinatura e posta en marcha da Cátedra de desenvolvemento sostible do rural ourensán	50 %
Planificación e posta en marcha de actividades en vilas da provincia ourensá	35 %
Reorganización e impulso da actividade do CITI	35 %
Impulso da transferencia e da investigación con empresas	40 %

INFRAESTRUTURAS DO CAMPUS DE OURENSE

Traslado do CACTI ao edificio Campus Auga	100 %
Instalación da planta piloto no edificio Campus Auga	100 %
Reorganización dos espazos no campus cos novos edificios	0 %
Edificio de Aeroespacial	0 %
Edificio de Intelixencia Artificial	0 %
Instalación fotovoltaica no Edificio de Ferro	100 %

Durante o curso 2023/2024 acadouse a acreditación do Campus Auga como campus de especialización do SUG, que foi recollido no DOG do 8 de febreiro de 2024. Obtivéronse uns fondos de algo máis de 3 200 000 euros que se destinarán a accións de docencia, investigación e transferencia nas tres liñas estratéxicas (alimentación funcional, agricultura e medio ambiente, e xestión da auga termal) durante os tres anos posteriores á acreditación.

Asociado á liña de xestión de auga termal vaise pór en marcha durante o ano 2024 a Cátedra de desenvolvemento sostible do rural ourensán para axudar aos concellos de menos de 20 000 habitantes en temas de termalismo, coa posta en marcha de diferentes actividades nesas vilas.

A través do campus de especialización tamén se lles vai dar un pulo á transferencia e á investigación con empresas da provincia incorporando as máis representativas nos órganos de dirección do Campus Auga, como son o consello reitor e o comité consultivo socio-empresarial.

Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

Actividades que desenvolven as liñas xerais do programa de goberno

1. O galego, a lingua propia da Universidade de Vigo

O pulo ao galego pasou pola intensificación do noso esforzo na súa promoción con actividades como as seguintes:

- A celebración do **Día de Rosalía de Castro**. O día 23 de febreiro de 2023 conmemorouse cun acto centrado no xénero musical da zarzuela galega. Sumámonos tamén ao chamamento da Fundación Rosalía de Castro e da Asociación de Gaiteros Galegos de interpretar musicalmente na xornada a Alborada desta poeta. O acto abrangueu, por unha banda, a conferencia «Zarzuela galega vs. zarzuela de costumes galegos», a cargo do musicólogo Javier Jurado e, por outra, a actuación da soprano Loli Crespo e do pianista Alejo Amoedo, que interpretaron varias pezas deste xénero, recollidas no seu disco Saudades d'alborada, xunto coa propia Alborada de Rosalía.
- En 2024, o 23 de febreiro, realizouse un acto co que a vicerreitoría se volveu sumar ao chamamento da Fundación Rosalía de Castro e da Asociación de Gaiteros Galegos de interpretar durante a xornada unha peza musical na honra da escritora. O acto abrangueu a interpretación dunha serie de pezas que poñen música a poemas de diferentes autoras galegas por parte do dúo Crúas e un recitado de poemas de Rosalía de Castro por parte da escritora e investigadora da Universidade de Santiago de Compostela, María do Cebreiro.
- día 10 de maio de 2023 conmemorouse o **Día das Letras Galegas** cunha conferencia, a cargo de Xesús Alonso Montero, baixo o título «Francisco Fernández del Riego e o seu labor político-literario no exilio interior». Nese mesmo acto fíxose entrega dos premios «Multiples olladas arredor das Letras Galegas. Francisco Fernández del Riego 2023».
- Os días 21 de setembro, 19 de outubro e 9 de novembro celebrouse o ciclo **Contos de inverno 2023**. Ao redor del reuníronse contadoras e contadores de historias que, desde a súa sensibilidade pola cultura popular e as súas habilidades artísticas, parten da literatura de transmisión oral para enfiar esas historias que reflicten o noso xeito de ser e de actuar como colectivo cunha identidade propia. As diferentes sesións acolleron as voces de contadores e contadoras cunha traxectoria consolidada, como Dani Blanco, Isabel Risco e Bea Campos.

2. Investigación

Planificación e posta en marcha de actividades para fomentar a transferencia e a investigación no campus de Pontevedra.

- No eido da investigación asináronse **convenios coa Xunta de Galicia e coa Deputación de Pontevedra** dirixidos a promocionar a investigación no campus (axuda á investigación da Deputación), así como a especialización do Campus Crea (Deputación e Xunta de Galicia).
- Tamén é preciso mencionar a realización da **Semana da Creatividade 2023 e 2024**, na que tiveron lugar conferencias, obradoiros, charlas, mesas redondas e outras actividades que mostraron aspectos da creatividade en varios ámbitos e puxeron en valor a vocación creativa do campus.
- Reedición dos **Premios Crea 2023 e 2024** para dar recoñecemento a traballos de investigación que vinculen as distintas áreas de estudo do campus de Pontevedra.
- Promoción do **doutoramento Crea** en Latinoamérica e países da lusofonía.
- Preparación de **propostas de proxectos de investigación institucionais** para concorrer a convocatorias europeas que impliquen o maior número de ámbitos do campus.

- Publicación dun novo número da **Revista Crea**.
- Celebración de dúas edicións das **xornadas de investigación do Campus Crea** (febreiro e novembro de 2023). Serviron para dar a coñecer os novos estudos e investigacións que se están a levar a cabo no Campus de Pontevedra no ámbito do terceiro ciclo. Foron encontros de carácter académico nos que os investigadores e investigadoras amosaron os seus estudos e expuxeron o potencial de transferencia de coñecemento que lle achegan á sociedade.

3. Internacionalización

Co propósito de construír unha universidade máis proxectada no mundo, desenvolvéronse accións para fortalecer a presenza do campus no ámbito europeo e internacional.

- Asinouse un **convenio de colaboración coa Universidad Andrés Bello**, de Chile, para o intercambio de alumnado e docentes no eido do campus creativo, e coa **ESMAD do Politécnico do Porto** en Portugal. Estes convenios serán ampliados para establecer proxectos de investigación e de colaboracións docentes.
- Recuperación da **International Multidisciplinary Journal Crea**.
- Reestructuración do **comité académico do Campus Crea**, coa participación activa de investigadores doutras universidades españolas (UAB, UCM e UGR) pero tamén de universidades doutros países (Arabia Saudí, México e Portugal).

4. Infraestruturas e sostibilidade

A implantación de novas titulacións, como a de **Deseño**, e a aposta por mellorar a vida das persoas da comunidade universitaria, fixo necesario un investimento en infraestruturas útiles, confortables, funcionais e sostibles.

- Acondicionamento da **sexta planta do edificio da Xunta de Galicia** na rúa de Benito Corbal para o uso provisional como **Facultade de Deseño**.
- Inauguración da **sala de musculación** na **Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte**.

5. Extensión universitaria

A experiencia do paso pola universidade precisa incluír aspectos relacionados coas actividades deportivas, culturais, foros de debate etc.

- Posta en marcha do **obradoiro de baile tradicional** e consolidación da **aula de música tradicional galega** do campus que, á parte de realizar actuacións institucionais en actos académicos e na cidade de Pontevedra, foi requirida para actuar en diversas localidades galegas e deulle visibilidade á Universidade de Vigo, proxección social e puxo en valor a nosa cultura. Ambos os obradoiros cubriron o total de prazas ofertadas.
- Durante a segunda quincena de marzo de 2023 organizáronse as sesións formativas **«Experiencias multiculturais a través da ecoperCUSión»** de carácter musical que tiveron como obxectivo o achegamento a diferentes culturas por medio da voz, o canto e os instrumentos.
- 23 de marzo de 2023 o teatro principal de Pontevedra acolleu o **concerto de primavera** do noso campus. O concerto estivo protagonizado por **Pepe Vaamonde Grupo**, que presentou o seu espectáculo **«O mellor dos catro elementos»**. O recital contou tamén coa participación da cantareira **María Vidal** e coa intervención da aula permanente de música tradicional do campus.


- 20 de marzo de 2024 organizamos unha nova edición deste concerto no auditorio do Pazo da Cultura de Pontevedra. A orquestra Xove de Pontevedra, que dirixe Javier Lorente, e os máis de corenta alumnos e alumnas da aula permanente de música tradicional galega do campus de Pontevedra, que coordina Suso Vaamonde, compartiron escenario en boa parte dun concerto que levaba o título de Sinexías. A ambas sumáronse, á súa vez, en varias das pezas, tres parellas de bailaríns que se forman na aula de baile tradicional do campus. Deste xeito, este concerto de primavera, promovido coa colaboración do concello, contribuíu tamén a mostrar o traballo que se desenvolve tanto na aula coordinada por Vaamonde coma no obradoiro Como bailar nun serán, que imparte a integrante de Leilía Monste Rivera.
- Os días 20 de abril de 2023 e 29 de abril de 2024 organizáronse **a I e II Regata Cátedra Almirante Álvarez-Ossorio-Trofeo Ría de Pontevedra**, unha competición que se desenvolveu na modalidade de barco dragón na primeira edición e de batel na segunda, e na que participaron tripulacións integradas por estudantes da UVigo e da Escola Naval Militar. Esta proba deportiva contou coa colaboración da Escola de Piragüismo Cidade de Pontevedra, da asociación galega de Dragon Boat e do Gremio de Mareantes, que acolleu o acto de entrega do trofeo.
- Durante marzo e maio de 2023 tivo lugar a proposta «**Miredó. A educación musical para a ensinanza inclusiva**». A proposta incluíu unha serie de sesións ao redor da música, nas que participou alumnado da Universidade de Vigo e de centros educativos de formación especial, como é o de síndrome de down. Por medio destas sesións buscouse intensificar a inclusión de todas as persoas dentro da sociedade, sen importar a súa condición, características psicolóxicas, capacidades etc. A música actuou como elemento de unión, reflexión e proposición.
- Entre o 29 de maio e o 9 de xuño de 2023, Pontevedra acolleu a súa **XIV Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITEU) de Pontevedra**, que permitiu coñecer as obras desenvolvidas nas aulas teatrais dos tres campus da UVigo, así como unha montaxe do alumnado da Universidade do Minho, que fortaleceu o seu carácter internacional.
- A **XV MITEU de Pontevedra** tivo lugar entre o 24 de abril e o 3 de maio. Ademais de contar, coma todos os anos, coas obras desenvolvidas nas aulas teatrais dos tres campus da UVigo, este ano participou a compañía de teatro colombiana Sin Mente Teatro.
- Os luns 5, 12, 19 e 26 de xuño de 2023 a aula permanente de música tradicional galega do campus de Pontevedra protagonizou sendos concertos en diferentes prazas da cidade pontevedresa acompañada doutras agrupacións. Nestas intervencións, denominadas «**Concertos polas rúas**», interpretaron un mesmo repertorio baseado na música popular galega co fin de darlle visibilidade á banda universitaria fóra dos espazos estudantís para tratar de unir as actividades do campus coa cidade e de fortalecer o vínculo entre ambos.
- Entre o 15 de setembro de 2023 e o 19 de xaneiro de 2024 tivo lugar o **ciclo de cine «Limítrofes»**, centrado nos relatos nos que o dificilmente explicable se manifesta en realidades aparentemente cotiás. Foron 12 proxeccións os venres de setembro, outubro, novembro e xaneiro na Casa das Campás.
- Os días 20 de setembro, 25 de outubro e 15 de novembro desenvolveuse o ciclo «**Música para reCREAr**», co que buscamos promover diferentes liñas musicais a partir das propostas interpretativas de diversos artistas e grupos de Galicia. Ao longo dos distintos concertos incluíronse intervencións musicais asentadas no jazz, nas liñas máis clásicas, no folk, no rock... Participaron os grupos Ailá, Lontreira e Galifunk.
- 5 de outubro de 2023 organizamos unha **feira de produtos ecolóxicos e de proximidade**. Instaláronse once carpas que albergaron distintos produtores de produtos ecolóxicos e desenvóléronse diferentes obradoiros ao longo do día.

- En novembro de 2023 arrancou o curso 2023/2024 do **coro universitario** do noso campus, baixo a dirección de Luísa Sánchez. Neste curso conformouse un repertorio achegado a novas tendencias musicais e estase a traballar con pezas de diferentes épocas e estilos. Por outra banda, a formación saíu á rúa e participou en actuacións non só ligadas aos diferentes actos da universidade. Asemade, tamén se coordinaron actuacións conxuntas coa aula e co grupo de música tradicional do campus de Pontevedra.
- Os días 16, 23 e 30 de novembro acollemos o ciclo «**A revolución nos oficios tradicionais mediante a innovación**», unha serie de coloquios completados coa realización de pezas e coa exhibición dos procesos de traballo, que buscaron pór en valor diferentes oficios tradicionais e as súas transformacións. O ciclo abriuse coa participación da deseñadora e artesá téxtil Inés Rodríguez, continuou coa redeira Ángeles Mille e pechouse coa ceramista Laura Delgado.
- Entre o 12 e 17 de decembro de 2023 tivo lugar a oitava edición do **Festival Internacional de Cinema de Pontevedra Novos Cinemas**. No marco deste festival cinematográfico, orientado á detección e á difusión do talento cinematográfico emerxente, apoiáronse, de forma xeral, as seguintes accións: obradoiros formativos e creativos, presentacións e faladoiros con diferentes profesionais do cinema, desenvolvemento de proxectos cinematográficos, encontros con persoas relevantes no eido cinematográfico e unha mesa de encontro integrada por axentes do sector que compartiron as súas experiencias e afondaron en aspectos relevantes ou que precisan unha reformulación.

6. Estudantado

O enriquecemento da experiencia universitaria tamén pasa por unha oferta que recolla actividades relacionadas co emprego e co emprendemento.

- Realización do ciclo de xornadas «**Conversa Empresa Universidade**» os días 27 e 30 de outubro, o 9 de novembro e entre o 27 de novembro e o 1 de decembro de 2023. As xornadas promoveron espazos de encontro entre o alumnado e sectores profesionais. Ofrecéronse un total de tres xornadas centradas en temáticas como a fotografía, a creatividade publicitaria, a fisioterapia, o deseño editorial, o deseño de produto e a creatividade téxtil.
- 3 de novembro tivo lugar a mesa redonda «**Talento e superación. Comezar, chegar e continuar**», dirixida a achegarlle ao alumnado exemplos de superación e motivación en diferentes ámbitos. Este encontro contou coa participación do campión do mundo de triatlón de longa distancia Pablo Dapena, a directora dun centro de adestramento persoal e divulgadora científica, Sara Tabares, e o fundador de Rei Zentolo, Pablo Rodríguez.



Universidade de Vigo